



CONCELLO DE
OLEIROS

ACTA DA SESION ORDINARIA DO PLENO DO CONCELLO QUE TIVO LUGAR O DIA VINTE E SEIS (26) DE OUTUBRO DE 2023

No salón de sesións, sito no andar primeiro de Casa Charry, ás 20:05 h. do día 26 de outubro de 2023, ten lugar sesión ordinaria do Concello Pleno, en primeira convocatoria.

Preside a sesión o alcalde, D. **Ángel García Seoane**, asistindo os membros da Corporación seguintes:

GRUPO MUNICIPAL “ALTERNATIVA DOS VECIÑOS” (A.V.)

- D^a M^a José Varela Neira.
- D^a Margarita Figueroa Vázquez.
- D. Pablo Cibeira Taboada.
- D^a Aurora Belén Taboada Casal.
- D^a M^a Teresa Vázquez Maseda.
- D^a M^a José Santos Zas.
- D. Antonio Molinos Marcote.
- D^a Rosa M^a Méndez Gómez.
- D. Jaime Rumbo Mosquera.
- D^a Sandra Fernández Fernández
- D^a Marta M^a Martínez Martínez.
- D. Ramón Maceira Giadanes.

GRUPO MUNICIPAL “POPULAR” (P.P.)

- D^a M^a Dolores Silva Núñez.
- D^a Vanesa Domínguez de la Iglesia.
- D. Jorge Platas Casal.
- D. Antonio Javier Corredoira Alfonso.
- D. Jaime Cástor Núñez Cartelle.

GRUPO MUNICIPAL “SOCIALISTA” (PSdeG-PSOE)

- D^a M^a Carmen Acuña do Campo.
- D. Jesús Fernández Díez.

BLOQUE NACIONALISTA GALEGO (BNG)

- D. Iván Roca Cruz.

Da fe dos acordos tomados, D^a M^a Pilar Cela Álvarez, secretaria accidental do Concello. Faise constar que está tamén presente o interventor municipal, D. Vicente José Calvo del Castillo.

Logo de comprobar que concorre o quórum de asistencia que esixe o art. 46.2.c) da Lei 7/85, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, para que teña lugar validamente a sesión, o sr. alcalde a declara aberta.





De seguido, procédese a tratar os asuntos incluídos na orde do día contida na convocatoria realizada a través do Decreto da Alcaldía nº 202205271, de 23 de outubro, que son os seguintes:

- 1º.- Aprobación, se procede, das actas das sesións plenaria que tiveron lugar o día 28 de setembro de 2023 (extraordinaria e ordinaria).
- 2º.- Aprobación definitiva, se procede, do estudo de detalle da parcela E do Plan Parcial do Sector SUD-5 Icaria IV (Perillo).
- 3º.- Aprobación definitiva, se procede, do plan parcial SUD-21 Alsina (Nós).
- 4º.- Aprobación, se procede, do límite de gasto non financeiro e de cumprimento da regra de gasto do Concello de Oleiros para o exercicio 2024.
- 5º.- Aprobación inicial, se procede, do orzamento xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2024, así como as bases de execución e o respectivo cadro de persoal.
- 6º.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2023004566 ata o nº 2023005260 (ambos incluídos).
- 7º.- Mocións, rogos e preguntas.

Antes de iniciar o tratamento dos asuntos contidos na orde do día o alcalde, D. **Ángel García**, sinala que se vai dar lectura a un manifesto e dálle a palabra á 2ª Tte. de alcalde do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, Dª **Margarita Figueiroa**, manifestando que vai dar lectura ó manifesto seguinte:

**MANIFESTO DO GOBERNO MUNICIPAL DE ALTERNATIVA DOS VECIÑOS E MAILLO BLOQUE NACIONALISTA
GALEGO CONDENANDO O XENOCIDIO EN PALESTINA**

O goberno municipal de Alternativa dos Veciños e o grupo municipal “Mixto”-BNG condenan a ocupación, o xenocidio e a limpeza étnica que o Estado de Israel está a levar a cabo en Palestina.

Desde a reactivación do conflito en Palestina, o Estado de Israel co apoio das elites políticas de Estados Unidos, a Unión Europea e Reino Unido, está a masacrar á poboación civil palestina.

Utilizando como pretexto a resposta a Hamás (forza político-militar que controla a franxa de Gaza desde a súa vitoria nas eleccións lexislativas de 2006) o goberno sionista e corrupto de Benjamin Netanyahu, apoiado pola ultradereita ortodoxa, está levando a cabo unha das peores represións contra a poboación civil palestina dos últimos tempos.

Neste contexto, o exército israelí leva días bombardeando de xeito Indiscriminado e deliberado edificios de vivendas, escolas, campos de refuxiados de UNRWA e mesmo hospitais na franxa de Gaza. Esta situación, ligada ao corte total na subministración de auga potable, electricidade, combustible ou de alimentos... xunto a ordes ilegais de evacuación de hospitais que poñen en risco a vida de milleiros de persoas enfermas, feridas, embarazadas e nenos, está a provocar unha crise humanitaria atroz tal e como evidencian as ONGs que traballan no terreo.

Estas continuas violacións do dereito internacional humanitario, con vulneracións das Convencións de Xenebra no que atinxe á protección da poboación civil e do persoal sanitario e humanitario, non poden ser toleradas.

Este ano 2023, cúmprense 75 anos da Nakba (catástrofe en árabe), unha limpeza étnica en toda regra na que trala creación do Estado de Israel en territorio palestino, obrigouse a máis de 750.000 palestinas e palestinos a marchar dos seus fogares. Desde ese momento, Israel, a través da violencia, a ocupación e o apartheid, foi colonizando, expulsando e matando á poboación palestina para borrar todo vestixio da súa historia e cultura.

Desde a reactivación en outubro deste conflito, as cifras que deixa a ofensiva do exército de Israel son escalofriantes. Este luns 4741 persoas civís mortas, das que 1987 son nenas e nenos; 13.500 feridos e máis dun millón de palestinas e palestinos desprazados. Lamentablemente a día de hoxe, as perosas asasinadas polo exército de Israel son moitas máis.

Tendo en conta esta situación e coa premisa da defensa inquebrantable dos Dereitos Humanos, o goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” e o Bloque Nacionalista Galego exigen:

- 1.- O cesamento do fogo e a fin inmediata dos ataques do exército sionista contra Gaza e Cisjordania.





CONCELLO DE
OLEIROS

- 2.- A asistencia inmediata á poboación sometida na franxa de Gaza coa apertura das fronteiras e a entrada de axuda humanitaria sen condicións.
- 3.- O recoñecemento do Estado Palestino polo Estado Español e a Unión Europea, co seu territorio íntegro entre o Xordán e o Mediterráneo, establecendo os lazos de cooperación que sexan necesarios para garantir unha vida digna ao pobo palestino.
- 4.- Que se leve ante a Corte Penal Internacional para ser xulgado por crimes de guerra ao primeiro ministro de Israel, Benjamin Netanyahu.
- 5.- A ruptura de relacións diplomáticas do Estado Español e da Unión Europea co Estado de Israel.
- 7.- A inmediata dimisión da presidenta da Comisión Europea, Ursula Von der Leyen, por excederse nas súas funcións ó viaxar a Tel Aviv anunciando o apoio da Unión Europea ao estado de Israel, cando as competencias en política exterior competen aos Estados membros.
- 8.- O boicot en tódolos aspectos e moi especialmente, nos programas e compras militares españolas a Israel e a aplicación das medidas definidas polo BDS ata a fin da ocupación e o apartheid sionista en Palestina, así como o retorno dos refuxiados e refuxiadas palestinas á súa terra e, por suposto, toda a solidariedade coas vítimas e ás súas familias.
- 9.- Dar traslado deste manifesto conxunto ás embaixadas de Palestina e Israel en España, ao Ministerio de asuntos exteriores, asociacións en defensa do pobo palestino e a coordinadora galega de ONGs."

Unha vez rematada a lectura do manifesto, amosaron a súa intención de intervir tanto o concelleiro do grupo "Popular", D. **Antonio J. Corredoira**, que tiña a intención de ler un manifesto que presentaba o seu grupo e a voceira do grupo "Socialista", D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando que quería debatelo, ó que lles respondeu o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que só hai un manifesto presentado e que se remata de ler enviado ós demais grupos políticos municipais para adherirse e só obtiveron resposta do BNG quen manifestou o seu apoio ó mesmo, nada dixeron nin o grupo "Popular" nin o "Socialista" de aí que o salientado manifesto se presente por parte do goberno municipal de "Alternativa dos Veciños" mailo Bloque Nacionalista Galego.

Tveron ocasión de adherirse e o que non van é ler un manifesto cada grupo político, por exemplo na Deputación provincial mañán no pleno vaise dar lectura a un consensuado entre tódolos grupos, aquí o goberno municipal presenta un e tiveron ocasión de sumarse e non o fixeron.

Ante a insistencia por parte da voceira do grupo "Socialista", D^a **M^a Carmen Acuña**, de intervir en canto ó manifesto e a negativa do alcalde, ó non ser un asunto de debate, intervéñ a voceira do grupo "Popular", D^a **M^a Dolores Silva**, para solicitar do goberno municipal que a próxima vez o envíen con maior antelación porque foi hoxe pola mañán cando o recibiron.

Punto 1.- Aprobación, se procede, das actas das sesións plenaria que tiveron lugar o día 28 de setembro de 2023 (extraordinaria e ordinaria)

Consonte ó art. 91 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, o alcalde pregunta se algún dos asistentes á sesión ten que formular algunha observación ou reparo ás actas que se achegaron para aprobar coa convocatoria desta sesión.

Intervén a voceira do grupo "Socialista", D^a **M^a Carmen Acuña**, anunciando o voto en contra do seu grupo ante a falla de rigor na transcripción das actas, cuestión que lles sorprende porque as sesións plenarias grábanse de xeito





íntegro. Entende que para os e as funcionarias resúltalles comprometido recoller literalmente as saídas de ton, así como as actitudes ‘chulescas’ e as manifestacións que, en ocasións, que realiza o alcalde nas que incluso fai gala dalgúns delitos, como prevaricación e nepotismo.

¿Lembran a respotas dada pola falla de cobertura á procesión do ramo do pleno pasado? Mellor que a lembren porque desapareceu da acta. As actas son para dar fé e facerse eco do que acontece nas sesións e non para lavarlle a cara e agochar o comportamento do sr. alcalde-presidente e por iso non as poden aprobar.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que as actas o que teñen que conter son os acordos acadados nas sesións plenarias e non para recoller os debates e as algaradas que ás veces se producen.

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación amosándose o resultado de **dezanove (19) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **dous (02) votos en contra** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”), polo que o Concello Pleno aproba as actas das *sesións plenarias que tiveron lugar o día 28 de setembro de 2023 (extraordinaria e ordinaria)*.

Punto 2.- Aprobación definitiva, se procede, do estudo de detalle da parcela E do Plan Parcial do Sector SUD-5 Icaria IV (Perillo)

Expón o asunto a voceira do grupo Alternativa do Veciños, D^a **M^a José Varela**, explicando que este estudo de detalle consiste no axuste de rasantes da parcela E do Plan parcial do SUD-5 Icaria IV, en Perillo, e o non terse presentado alegación ningunha e contando cos informes favorables é polo que se presenta a súa aprobación por este plenario.

Votación

Non habendo intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 23 de outubro de 2023, acadándose o resultado de **catorce (14) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dúas (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“EXPEDIENTE: 2023/PLANEAM/000007 (FG núm. 722)

ASUNTO: Aprobación definitiva do estudo de detalle da parcela E do Plan Parcial do Sector SUD-5 Icaria IV (Perillo)

Con data 04 de outubro de 2023, a coordinadora de servizos urbanísticos do Concello de Oleiros emite un informe xurídico coa sinatura de conformidade da persoa que ocupa a Secretaría municipal, do seguinte teor literal (*transcrición literal parcial*):

“

1. OBXECTO DO INFORME

EXPEDIENTE	2023/PLANEAM/000007 (FG NÚM. 722)
DENOMINACIÓN	Estudo de detalle da parcela E do Plan Parcial do Sector SUD-5 Icaria IV (Perillo)





ENTIDADE PROMOTORA	<i>Inversiones inmobiliarias Lucorma, S.A. (A-70.024.773)</i>
ENTIDADE REDACTORA	<i>Fernández Carballada y asociados, S.L.P. (B-15.671.563)</i>
ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE	<i>Axuste de rasantes da parcela E do Plan parcial do SUD-5 Icaria IV (Perillo)</i>
DATA E NRE REDACCIÓN DEFINITIVA	<i>NRE 2023014117, de 24 de xullo</i>
INFORME TÉCNICO	<i>3/08/2023</i>

2. ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

INFORME DO ARQUITECTO MUNICIPAL	<i>03/08/2023</i>
APROBACIÓN INICIAL	<i>Decreto 2023004173, de 17 de agosto</i>
INFORMACIÓN PÚBLICA E NOTIF. PERSOAS TITULARES	<i>DOG núm. 165, de 31 de agosto de 2023 La Opinión, de 30 de agosto de 2023 Figuran notificacións a interesados no expediente</i>
ALEGACIÓNS	<i>Non se presentan</i>
PRESENTACIÓN DA VERSIÓN DEFINITIVA	<i>NRE 2023014117, de 24 de xullo</i>

3. NORMATIVA APLICABLE

- Arts. 76,79 e 80 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.
- Arts. 159,160, 187, 192, 193 e 194 do Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia.

4. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

a. Obxecto e contido do estudo de detalle

Dentro da categoría de outras figuras de planeamento a normativa urbanística vixente recolle a figura dos estudos de detalle. Así, estes poderán desenvolver o propio PXOM ou un plan parcial ou especial. En canto aos obxectivos, poderán ser calquera dos seguintes:

- a) Completar ou reaxustar as aliñacións e rasantes
- b) Ordenar os volumes edificables
- c) Concretar as condicións estéticas e de composición das edificacións complementarias do plan

Os estudos de detalle non poderán nalgún caso:

- a) Alterar o destino urbanístico do solo.
- b) Incrementar o aproveitamento urbanístico.
- c) Reducir as superficies destinadas a viais, espazos libres ou dotacións públicas (inclúe equipamentos públicos, infraestruturas, viais e espazos libres)
- d) Prever a apertura de vías de uso público que non estean previamente contempladas no plan que desenvolvan ou completen.
- e) Aumentar a ocupación do solo, as alturas máximas edificables ou a intensidade de uso.
- f) Parcelar o solo.
- g) Non ter en conta ou infrinxir as demais limitacións que lles impoña o correspondente plan.
- h) Establecer novos usos e ordenanzas.

Os estudos de detalle conterán os documentos xustificativos dos extremos sobre os que versen e, como mínimo, os seguintes:

- a) Memoria xustificativa da conveniencia da súa redacción, e explicativa das solucións adoptadas e da súa adecuación ás previsións do plan que complementen, así como do cumprimento das esixencias legais e regulamentarias que lles sexan de aplicación.

Cando se modifique a disposición de volumes efectuarase un estudo comparativo da superficie edificable resultante por aplicación das determinacións previstas no plan e das que se obteñen no estudo de detalle, xustificando o cumprimento do disposto no punto 2 do artigo anterior deste regulamento.





- b) Planos de información da ordenación pormenorizada do ámbito afectado segundo o plan vixente.
- c) Planos de ordenación a escala adecuada e, como mínimo a 1:500, que expresen as determinacións que se completan, modifican ou reaxustan, con referencias precisas á nova ordenación e a súa relación coa anterior, e análise gráfica dos volumes ordenados, no seu caso, comprensivo do seu ámbito e da súa contorna.
- d) Calquera outro documento que poida contribuír á xustificación da proposta.

A documentación do estudo de detalle formalizarase, como mínimo, nunha copia de todo o seu contido en soporte dixital que será entregada á Administración correspondente.

O cumprimento dos requisitos técnicos e de contido expostos foi comprobado polo informe do arquitecto técnico mencionado nos antecedentes administrativos que figuran neste informe. Non se formularon condicións.

b. Tramitación do estudo de detalle

i. Iniciativa

Os estudos de detalle poderán ser formulados polas seguintes entidades:

- Os concellos
- A Administración autonómica
- Outros órganos competentes no ámbito urbanístico
- Polas particulares lexitimadas para facelo (artigo 80.1 da LSG): deberá acreditarse pola entidade promotora a aceptación polos propietarios ou propietarias que representen máis do 50% da superficie do ámbito de planeamento (artigo 66.b) da LSG).

Nestes casos, o documento deberá determinar a obrigação de conservación da urbanización, expresando se correrá a cargo do municipio, das futuras persoas ou entidades propietarias das parcelas ou das entidades promotoras da urbanización (artigo 66.a) da LSG).

No caso de que a obrigação de conservación da urbanización corra a cargo das futuras persoas ou entidades propietarias das parcelas ou das entidades promotoras da urbanización, indicarse o período de tempo ao que se estenderá dita obrigação.

No caso que nos ocupa, trátase dun estudo de detalle formulado pola promotora que se sinala no apartado 1 deste informe, e consta no expediente a lexitimación para presentar o devandito estudo.

ii. Aprobación inicial e información pública

Os estudos de detalle serán aprobados inicialmente polo órgano municipal competente e sometidos a información pública por prazo mínimo dun mes mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados. No seu caso, solicitaranse os informes sectoriais preceptivos. Para o caso que concorre, non foi necesario solicitar informes sectoriais.

O órgano competente para a súa aprobación inicial é a Alcaldía, en aplicación do artigo 21.1.j) da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local. Este estudo de detalle foi aprobado inicialmente mediante a resolución que se cita no apartado segundo deste informe, e levouse a cabo o trámite de información pública e as notificacións pertinentes consonte ao exposto no devandito apartado do informe.

Ha de terse en conta tamén que, en atención ao establecido no artigo 3.3.d).7º do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico do persoal funcionario de Administración Local con habilitación de carácter nacional, é preceptivo o informe da Secretaría municipal para a aprobación, modificación ou derogación de convenios e instrumentos de planeamento e xestión urbanística como o que nos ocupa. Sinala o artigo 3.4 do citado Real Decreto que a emisión do informe da Secretaría poderá consistir nunha nota de conformidade en relación cos informes que fosen emitidos polos servizos do propio Concello e que figuren como informes xurídicos no expediente

iii. Aprobación definitiva

Á vista do resultado da información pública, o órgano municipal aprobará o estudo de detalle definitivamente, coas modificacións que resultasen pertinentes (artigo 80.2 da LSG).

De conformidade co artigo 22.2 c) da Lei de Bases de Réxime Local, corresponde ao Pleno a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera dos devanditos instrumentos.





No caso que nos ocupa, non se presentou ningunha alegación no trámite de información pública, polo que se mantén a versión que se presentou ao trámite de aprobación inicial.

Por outra banda, coa aprobación definitiva do instrumento, haberán de levarse a cabo as seguintes xestións administrativas para dar por finalizada a tramitación do estudo detalle:

1. Dilixenciar o documento, indicando o número e data de entrada e deixando definido cal é o documento aprobado definitivamente.
2. Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia o apartado 4 de ORDENACION URBANISTICA PROPOSTA, páxinas 9 a 15 (ámbalas dúas incluídas), que constitúen o contido da normativa do Estudo de Detalle
3. Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.
4. Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.
5. Notificar ao promotor e ao equipo redactor.

Para finalizar, hase de ter en conta que o Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.

(...)"

Así, e vistas as conclusións do informe transcrito, nas que se indica que concorren os requisitos técnicos e xurídicos para a aprobación do estudo detalle indicado, propónse que o Pleno do Concello de Oleiros adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Aprobado definitivamente o estudo de detalle que a continuación se identifica:

EXPEDIENTE	2023/PLANEAM/000007 (FG NÚM. 722)
DENOMINACIÓN	Estudo de detalle da parcela E do Plan Parcial do Sector SUD-5 Icaria IV (Perillo)
ENTIDADE PROMOTORA	Inversiones inmobiliarias Lucorma, S.A. (A-70.024.773)
ENTIDADE REDACTORA	Fernández Carballada y asociados, S.L.P. (B-15.671.563)
ÁMBITO DO ESTUDO DE DETALLE	Axuste de rasantes da parcela E do Plan parcial do SUD-5 Icaria IV (Perillo)
DATA E NRE REDACCIÓN DEFINITIVA	NRE 2023014117, de 24 de xullo

SEGUNDO.- Dilixenciar o documento identificado no apartado anterior como "redacción definitiva", e arquivar tódolos documentos presentados con anterioridade.

TERCEIRO.- Proceder, no prazo dun mes, á publicación do acordo no Diario Oficial de Galicia e no Boletín Oficial da Provincia o apartado 4 de ORDENACION URBANISTICA PROPOSTA, páxinas 9 a 15 (ámbalas dúas incluídas), que constitúen o contido da normativa do Estudo de Detalle

CUARTO.- Solicitar da Consellería de MEDIO AMBIENTE TERRITORIO E VIVENDA, que proceda á inscrición do Estudo de Detalle no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia, de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016 do Solo de Galicia, artigo 212 do Decreto 143/2016 e Orde de 10 de marzo de 2017, pola que se establecen os modelos normalizados de solicitudes para a inscrición, modificación e certificación de datos no Rexistro de Planeamento urbanístico de Galicia.

QUINTO.- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva e o documento aprobado.

SEXTO.- Notificar ao promotor e ao equipo redactor, así como as persoas interesadas.

SÉTIMO.- O Estudo de Detalle é unha disposición xeral, polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición."





CONCELLO DE
OLEIROS

Punto 3.- Aprobación definitiva, se procede, do plan parcial SUD-21 Alsina (Nós)

Expón o asunto a voceira do grupo Av, D^a **M^a José Varela**, indicando que, a través de a cordo plenario do 26 de maio do ano 2022 declarouse caducado o procedemento administrativo tramitado para a aprobación definitiva deste plan parcial do SUD-21 Alsina, por perder a vixencia o informe ambiental estratéxico e por inactividade do promotor; este acordo foi recorrido en reposición pola promotora alegando as cuestións que se sinalan:

En primeiro lugar, o prazo de vixencia do informe ambiental estratéxico, argumento para declarar caducado o procedemento, habería de estenderse ata o 14 de novembro de 2022, dada a suspensión de prazos derivada das medidas adoptadas para facer fronte á situación de emerxencia xerada pola crise da COVID.

En segundo lugar, alegan que non consideran que houbera inactividade no expediente, posto que se levou a cabo o trámite ata o paso previo á aprobación definitiva, realizando as correccións solicitadas. Ademais, téñense emitido os informes sectoriais e a culminación do procedemento atópase próxima tras terse integrado xa no proxecto unha solución que cumpre cos requirimentos dos organismos autonómicos competentes en materia de Patrimonio e Augas de Galicia.

O recurso foi interposto polo interesado en tempo e forma, en relación con este recurso son de especial relevancia as comunicacións realizadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia a este concello, unha vez notificado a este organismo o acordo plenario de 26 de maio de 2022 e no que ven dicir é que no informe ambiental estratéxico no que indique que se ha de someter o plan a unha avaliación estratéxica ordinaria porque pode ter efectos significativos sobre o medio ambiente e tamén que o informe ambiental estratéxico no que se acorda a denominada avaliación estratéxica simplificada, por non ter efectos significativos sobre o medio ambiente o plan proposto, é dicir, dúas modalidades de como pode ser o estudo ambiental.

Establécese, ó mesmo tempo, a vixencia de 4 anos desde a publicación, prazo que se amplía a 6 anos na Lei 9/21, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia.

Non consta, polo tanto, unha data de fin de vixencia do informe ambiental estratéxico para o caso de que se acorde unha avaliación estratéxica ordinaria, o cal é congruente coa tramitación administrativa posto que posteriormente o plan proposto volverá a ser informado para a emisión da Declaración Ambiental Estratéxica por parte dos servizos da Consellería.

En vista do anterior, cómpre estimar o recurso de reposición interposto pola entidade promotora, declarando anulado o acordo plenario de data 26 de maio de 2022, no que se declarou caducado o procedemento administrativo para a aprobación do plan parcial do SUD-21, continuando polo tanto a tramitación do expediente. Obran no expediente tódolos informes necesarios favorables e nos que se indican que concorren os requisitos técnicos e xurídicos para a aprobación do plan parcial indicado e polo tanto proponse ó pleno municipal:

- 1.- Estimar o recurso de reposición interposto por A Fortaleza, As Mariñas, S.L. (B-70.228.606) contra o acordo plenario de data 26 de maio de 2022.
- 2.- Aprobar o documento que de seguido se sinala, o plan parcial do SUD-21 Alsina, en Nós.





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **Carmen Acuña**, sinalando que en relación a este expediente manteñen o dito na xuntanza da comisión informativa, difícil de entender nun concello que presume de tan boa xestión o acontecido. Un acordo plenario do 26 de maio de 2022 determinou o procedemento caducado por dilacións indebidas e pola parálise do expediente, resultando que agora onde dixeron unha cousa din outra e propoñen a súa aprobación, segundo parece debido ó interese do proxecto. Pois ben, coa fin de decidir o senso de voto agradecerían que se lles explicase por qué teñen interese agora e non o tiña en maio do ano 2022 e cal é ese interese para a veciñanza de Oleiros.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que se trata dun proxecto que vai xa para uns dez anos e inexplicablemente foise retrasando por parte da promoción e dos propietarios, foron requeridos en varias ocasións e no último requerimento xurde o tema do informe de avaliación ambiental era válido ou non, cítase no informe da Técnico de Urbanismo que existe unha Lei aprobada pola Xunta de Galicia no ano 2021 que facilita a posibilidade de atender o recurso, ó se ampliar prazos de 4 a 6 anos se non lembra mal aceptándose o recurso e o interese é o que ten a promoción de urbanizar.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 23 de outubro de 2023, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) e **oito (08) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”); dúas (02) do grupo municipal “Socialista”) e unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“EXPEDIENTE: 2016/PLANEAM/000003 (FG NÚM. 605)

ASUNTO: Aprobación definitiva do plan parcial SUD-21 Alsina (Nós)

Con data 5 de outubro de 2023 a coordinadora de servizos urbanísticos do Concello de Oleiros emite un informe xurídico coa sinatura de conformidade da persoa que ocupa a Secretaría municipal, do seguinte teor literal (transcrición literal parcial):

“

5.OBXECTO DO INFORME E ANTECEDENTES ADMINISTRATIVOS

EXPEDIENTE	2016/PLANEAM/000003 (FG NÚM. 605)
DENOMINACIÓN	Plan parcial do SUD-21 – Alsina (Nós)
ENTIDADE PROMOTORA	A Fortaleza, As Mariñas, S.L. (B-70.228.606)
ENTIDADE REDACTORA	Arquitectos Mateo Miyar Olaiz e Gonzalo Serantes Conchado (MIYARQUITECTURA, S.L.P. – CIF B-15.999.238)
OBXECTO DO INFORME	Viabilidade da aprobación definitiva do Plan parcial do SUD-21 – Alsina (Nós)
DATA E NRE ENTRDA	NRE 2023015446, de 16 de agosto
TRAMITACIÓN AMBIENTAL	Documento de alcance e informe ambiental recibido NRE 20160011504, de 2 de agosto, nos que se indica que se realizará a avaliación ambiental por trámite ordinario. Mediante NRE 202301371, de 7 de xuño, recíbese a Declaración Ambiental Estratéxica, no que se declara o proxecto ambientalmente viable.
APROBACIÓN INICIAL	Decreto 2018001246, de 22 de marzo





INFORMACIÓN PÚBLICA	<i>La Voz de Galicia, 10 de abril de 2018 DOG núm. 70, de 11 de abril de 2018 Notificación a persoas interesadas – figuran no expediente-</i>
INFORME TÉCNICO	<i>Informe do arquitecto municipal de 3 de outubro de 2023, favorable á aprobación definitiva do plan parcial.</i>

Antecedentes administrativos

- I. Mediante NRE 2016004467, de 6 de abril, presentouse no rexistro de entrada do Concello de Oleiros solicitude para que se inicie o trámite ambiental necesario para a aprobación do plan parcial SUD-21 Alsina (Oleiros), ao cal se dá conformidade municipal e se remite ao órgano ambiental mediante a Resolución 2016001580, de 5 de abril.*
- II. Mediante NRE 20160011504, de 2 de agosto, recíbese no Concello de Oleiros o documento de alcance e o informe emitidos pola Consellería de Medio Ambiente nos que consta que o proxecto se ha de someter a avaliación ambiental ordinaria.*
- III. Mediante Decreto 2018001246, de 22 de marzo, aprobábase inicialmente o Plan Parcial, sometido a unha serie de correccións, e acórdase sometelo a información pública por prazo de 2 meses, solicitándose os informes sectoriais necesarios para a tramitación, a emitir no prazo de 3 meses.*
- IV. Mediante acordo plenario de 26 de maio de 2022, declarouse caducado o procedemento administrativo tramitado para a aprobación definitiva do Plan Parcial do sector SUD-21 Alsina, por perder a vixencia o informe ambiental estratéxico e por inactividade do promotor. Este acordo é recorrido en reposición pola entidade promotora con NRE 2022012255, de 30 de xuño.*
- V. Con NRE 2022011074, de 15 de xuño, a Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda comunica ao Concello de Oleiros que o informe ambiental estratéxico emitido estaría vixente ata o 23 de agosto de 2022, comunicación que corríxen con NRE 2022018246, de 6 de outubro, indicando que cando os plans deban someterse a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria non resulta de aplicación o prazo máximo de vixencia do informe estratéxico (art.31.4 Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental).*
- VI. Mediante informe de data 21 de xullo de 2022, a coordinadora de servizos urbanísticos dona Marta Bosch Pibernat emite informe no que propón a continuación do procedemento, indicando que procede remitir a documentación completa do plan ao órgano ambiental para que formule declaración ambiental estratéxica con carácter previo á aprobación definitiva do procedemento.*
- VII. Unha vez remitido, Mediante NRE 202301371, de 7 de xuño, recíbese a Declaración Ambiental Estratéxica do Plan Parcial SUD-21 Finca Alsina, no que se declara o proxecto ambientalmente viable.*
- VIII. Tras varios requirimentos de corrección da documentación, con data 16 de agosto de 2023 (NRE 2023015446) preséntase o documento para a aprobación definitiva, que é informado favorablemente polo arquitecto municipal con data 3 de outubro de 2023.*

6. NORMATIVA APLICABLE

- *Lei 1/2021, do 8 de xaneiro, de ordenación do territorio de Galicia*
- *Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*
- *Decreto 143/2016, do 22 de setembro, polo que se aproba o Regulamento da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, do solo de Galicia*
- *Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oleiros, aprobado parcialmente por Orde de 11 de marzo de 2009 da Consellería de política territorial, obras públicas e transportes da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 75 de 2 de abril de 2009, DOG núm. 81 de 28 de abril de 2009); aprobación definitiva por Orde de 11 de decembro de 2014, da e Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 29 de 12 de febreiro de 2015, DOG núm. 16 de 26 de xaneiro de 2015). O PXOM non foi sometido a avaliación ambiental, polo que na súa disposición final terceira establece a necesidade de sometemento a avaliación ambiental de todo o planeamento que o desenvolva.*
- *Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental*
- *Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local*
- *Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións públicas*
- *Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico das administracións públicas*





7. FUNDAMENTACIÓN XURÍDICA

a. Recurso de reposición contra o acordo plenario de 26 de maio de 2022

Mediante acordo plenario de 26 de maio de 2022, declarouse caducado o procedemento administrativo tramitado para a aprobación definitiva do Plan Parcial do sector SUD-21 Alsina, por perder a vixencia o informe ambiental estratéxico e por inactividade do promotor. Este acordo é recorrido en reposición pola entidade promotora con NRE 2022012255, de 30 de xuño, alegando as seguintes cuestións:

1. O prazo de vixencia do informe ambiental estratéxico, argumento para declarar caducado o procedemento, habería de estenderse ata o 14 de novembro de 2022, dada a suspensión de prazos derivada das medidas adoptadas para facer fronte á situación de emerxencia xerada pola crise da COVID e a ampliación do prazo de vixencia destes informes a raíz da Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.

2. Non consideran que houbera inactividade no expediente, posto que se levou a cabo o trámite ata o paso previo á aprobación definitiva, realizando as correccións solicitadas. Ademais, téñense emitido os informes sectoriais e a culminación do procedemento atópase próxima tras terse integrado xa no proxecto unha solución que cumpre cos requirimentos dos organismos autonómicos competentes en materia de Patrimonio Cultura e Augas de Galicia, cos que resultara especialmente complexa a tramitación. Ademais, non consideran que a normativa urbanística regule a caducidade dos procedementos administrativos de planeamento.

O recurso foi interposto en tempo e forma polo interesado, polo que ha de ser admitido a trámite e avaliado para a súa resolución.

En relación con este recurso, son de especial relevancia as comunicacións realizadas pola Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda da Xunta de Galicia (CMATV) ao Concello de Oleiros unha vez notificado ao organismo o acordo plenario de 26 de maio de 2022:

- Con NRE 2022011074, de 15 de xuño, a comunica ao Concello de Oleiros que o informe ambiental estratéxico emitido estaría vixente ata o 23 de agosto de 2022 (Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia).*
- A comunicación anterior é corrixida con NRE 2022018246, de 6 de outubro, indicando que cando os plans deban someterse a unha avaliación ambiental estratéxica ordinaria non resulta de aplicación o prazo máximo de vixencia do informe estratéxico (art.31.4 Lei 21/2013, de 9 de decembro, de avaliación ambiental), como é o caso do SUD-21 Alsina.*

Así, cómpre ter en conta que o artigo 31 da Lei 21/2013, de 9 de decembro, establece no seu apartado segundo que o órgano ambiental pode emitir dous tipos de informe ambiental estratéxico:

- a. O informe ambiental estratéxico no que indique que se ha de someter o plan a unha avaliación estratéxica ordinaria porque pode ter efectos significativos sobre o medio ambiente.*
- b. O informe ambiental estratéxico no que se acorda a denominada avaliación estratéxica simplificada, por non ter efectos significativos sobre o medio ambiente o plan proposto.*

É para este último tipo de informe ambiental para o que o apartado 4 do mesmo artigo establece unha vixencia de 4 anos dende a publicación, prazo que se amplía a 6 anos no artigo 35.2.c) da Lei 9/2021, de 25 de febreiro, de simplificación administrativa e apoio á reactivación económica de Galicia.

Non consta, polo tanto, unha data de fin de vixencia do informe ambiental estratéxico para o caso de que se acorde unha avaliación estratéxica ordinaria, o cal é congruente coa tramitación administrativa posto que posteriormente o plan proposto volverá a ser informado para a emisión da Declaración Ambiental Estratéxica por parte dos servizos da CMATV, polo que existe un control das determinacións que se adopten no documento final que garante a protección do medio ambiente. Así, tal e como manifestou a entidade promotora e a CMATV, o informe ambiental estratéxico atopárase vixente.

En vista do anterior, cómpre estimar o recurso de reposición interposto pola entidade promotora, e declarar anulado o acordo plenario de data 26 de maio de 2022, no que se declarou caducado o procedemento administrativo para a aprobación do plan parcial do SUD-21, continuando polo tanto a tramitación do expediente.

b. Trámite de información pública e alegacións

Tras a aprobación inicial do plan parcial por Decreto 2018001246, de 22 de marzo, abriuse un período de información pública mediante publicación de anuncios no xornal La Voz de Galicia (10 de abril de 2018) e no DOG





núm. 70, de 11 de abril de 2018. Tamén se notificou ás persoas afectadas directamente polo acordo, constando as notificacións realizadas no expediente. Non se presentaron alegacións ao proxecto.

c. Informes sectoriais emitidos

En canto aos informes de subministracións e sectoriais emitidos no procedemento, han de sinalarse os seguintes:

Organismo	Data	Conclusión
Sergesco (AquaOleiros, S.A.)	2017023086, de 21 de novembro	Favorable
Gas Galicia, SDG – 2017010199, de 9 de novembro	2017023373, de 23 de novembro	Favorable
UFD 2017010200, de 9 nov	2017025147, de 18 de decembro	Favorable
Telefónica España, S.A.U.	2017023940, de 1 de decembro	Favorable
R Cable y Telecomunicaciones, S.A.	2017023755, de 28 de novembro	Favorable
Servizos municipais	19 de decembro de 2017	Favorable
Dirección Xeral de Aviación Civil	2018003772, de 27 de febreiro	Favorable
Demarcación de estradas do estado en Galicia – M ^º Fomento	2023005166, de 27 de marzo	Favorable
Dirección Xeral de Patrimonio Cultural	2022019177, de 21 de outubro	Favorable
Augas de Galicia	2023004644, de 20 de marzo	Favorable
Sociedade Galega de Historia Natural	Non consta respostado	-
Federación ecoloxista galega	Non consta respostado	-
Consellería do medio Rural – Forestal	Saída 8212/RX1025025, de 6 de xullo – Xunta de Galicia	Favorable
CMAOT – Instituto de estudos do territorio	2018013316, de 4 de xullo	Favorable
CMAOT – SX de Calidade e Avaliación Ambiental	2018008779, de 8 de maio	Favorable

Os informes favorables nalgúns ocasións acompañaban observacións e suxerencias que foron incorporadas ao documento definitivo.

d. Análise da avaliación ambiental

O Plan Xeral de Ordenación Municipal do Concello de Oleiros foi aprobado definitivamente por Orde de 11 de decembro de 2014, da e Consellería de medio ambiente, territorio e infraestruturas da Xunta de Galicia (BOP da Coruña núm. 29 de 12 de febreiro de 2015, DOG núm. 16 de 26 de xaneiro de 2015). O PXOM non foi sometido a avaliación ambiental, polo que na súa disposición final terceira establece a necesidade de sometemento a avaliación ambiental de todo o planeamento que o desenvolva.

Mediante NRE 20160011504, de 2 de agosto, recíbese no Concello de Oleiros o documento de alcance e o informe emitidos pola Consellería de Medio Ambiente nos que consta que o proxecto se ha de someter a avaliación ambiental ordinaria.

Unha vez remitido o documento definitivo ao órgano ambiental, mediante NRE 202301371, de 7 de xuño, recíbese a Declaración Ambiental Estratéxica do Plan Parcial SUD-21 Finca Alsina, no que se declara o proxecto ambientalmente viable.

e. Tramitación do procedemento e competencia para a aprobación definitiva

Os artigos 185 e seguintes do RSG establecen o procedemento para a aprobación dos plan parciais. Así, establécense os seguintes fitos procedimentais:

a) O órgano municipal competente procederá á súa aprobación inicial e someterao a información pública como mínimo durante dous meses, mediante anuncio que se publicará no Diario Oficial de Galicia e nun dos xornais de maior difusión na provincia. Así mesmo, notificarase individualmente a todas as persoas titulares catastrais dos terreos afectados (artigo 75.1.a) da LSG). Este trámite levouse a cabo de acordo co establecido na táboa que encabeza o presente informe.

b) A Administración municipal deberá solicitar, no momento que corresponda en cada caso, os informes sectoriais que resulten preceptivos de conformidade coa normativa vixente. No apartado c) deste punto 3 do informe constan os informes solicitados e emitidos, de conformidade co anexo II do RSG. Os informes sectoriais autonómicos haberán de ser emitidos no prazo máximo de tres meses, transcorrido o cal se entenderán emitidos con carácter favorable (artigo 75.1.b) da LSG).





c) Os servizos xurídicos e técnicos municipais deberán emitir informe respecto á integridade documental do expediente, as actuacións administrativas realizadas, a calidade técnica da ordenación proxectada e a conformidade do plan coa lexislación vixente (artigo 75.1.d) da LSG). O arquitecto técnico municipal emitiu informe na data que figura no cadro que encabeza este documento, e a viabilidade procedementa estase a analizar no presente informe.

d) Cumprimentados os trámites sinalados nos apartados precedentes, o concello procederá á súa aprobación definitiva (artigo 75.1.f) da LSG).

Para o caso que nos ocupa, en atención ao art.186.2 RSG, ao tratarse este expediente dun plan sometido a avaliación ambiental estratéxica ordinaria, han de terse en conta as determinacións do art. 144.2, 3, 4, 5, 8, 9, 10, 11 e 12, que han de executar as entidades promotoras dos plans. Para o caso que nos ocupa, a tramitación ambiental foi debidamente realizada, obténdose DAE na data que figura no cadro que encabeza o informe.

A aprobación definitiva dos plans parciais e dos plans especiais corresponderá ao órgano municipal competente (artigo 75.4 da LSG). A Lei 7/1985, de 2 de abril, de Bases de Réxime Local, regula as competencias dos órganos municipais en orde á aprobación dos documentos de planeamento e xestión urbanística. Así, o artigo 22.1.c) establece que a aprobación inicial do planeamento xeral e a aprobación que poña fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, así como os convenios que teñan por obxecto a alteración de calquera destes instrumentos, será competencia do Pleno do Concello. E o artigo 21.1.j) da citada lei establece como competencia do alcalde a aprobación de instrumentos de planeamento de desenvolvemento do planeamento xeral non expresamente atribuídas ao pleno, así como as dos instrumentos de Xestión urbanística e os proxectos de urbanización.

A aprobación inicial do documento do plan parcial tería encaixe, xa que logo, no artigo 21.1.j) LRRL, sendo competencia do Alcalde. Mentres que a aprobación definitiva sería unha aprobación que pon fin á tramitación municipal dos plans e demais instrumentos de ordenación previstos na lexislación urbanística, polo que haberá de adoptarse polo Pleno.

En todo caso, a eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado quedan condicionados á súa publicación de conformidade co establecido nos artigos 82 da Lei 2/2016, do 10 de febreiro, e no artigo 199 deste regulamento, á inscrición do instrumento no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia, e ao que dispoña para ese efecto a lexislación vixente en materia de réxime local.

Os instrumentos de planeamento urbanístico gozan de vixencia indefinida (artigo 82.1 da LSG). O acordo de aprobación definitiva do plan deberá publicarse, no prazo dun mes desde a súa adopción, no Diario Oficial de Galicia. Xunto coa publicación deste acordo publicarase a indicación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación do plan e a referencia á dirección electrónica na que figurará o contido íntegro do plan ao dispor do público, así como, cando cumpra, o extracto elaborado con carácter previo á aprobación do documento, que incluírá os seguintes aspectos:

- a) A xustificación da integración no plan dos aspectos ambientais (artigo 82.2.a) da LSG).
- b) A xustificación de como se tomaron en consideración no plan o estudo ambiental estratéxico, os resultados da información pública e das consultas e a declaración ambiental estratéxica, así como, no seu caso, as discrepancias xurdidas no proceso (artigo 82.2.b) da LSG).
- c) As razóns da elección da alternativa seleccionada, en relación coas alternativas consideradas (artigo 82.2.c) da LSG).

O documento que conteña a normativa e as ordenanzas deberá publicarse no Boletín Oficial da provincia.

A eficacia do acto de aprobación definitiva e a entrada en vigor do plan aprobado quedan condicionadas á súa publicación e á inscrición do instrumento no Rexistro de Plan Urbanístico de Galicia de conformidade co disposto no artigo 88 da LSG.

(...)"

Así, e vistas as conclusións do informe transcrito, nas que se indica que concorren os requisitos técnicos e xurídicos para a aprobación do plan parcial indicado, propónse que o Pleno do Concello de Oleiros adopte os seguintes acordos:

PRIMEIRO.- Estimar o recurso de reposición interposto por A Fortaleza, As Mariñas, S.L. (B-70.228.606) contra o acordo plenario de data 26 de maio de 2022, no que se declaraba a caducidade do procedemento administrativo para a aprobación do plan parcial do SUD-21, polos motivos expostos no informe xurídico de data 5 de outubro de 2023 que consta no expediente, e procedendo por tanto a continuación da tramitación do expediente.

SEGUNDO.- Aprobar definitivamente o documento que a continuación se indica:





EXPEDIENTE	2016/PLANEAM/000003 (FG NÚM. 605)
DENOMINACIÓN	Plan parcial do SUD-21 – Alsina (Nós)
DOCUMENTACIÓN	• Plan parcial do SUD-21 – Alsina (Nós) • Estudo ambiental estratéxico • Resumo de medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no ambiente que resultan de aplicación do plan e un extracto do mesmo
ENTIDADE PROMOTORA	A Fortaleza, As Mariñas, S.L. (B-70.228.606)
ENTIDADE REDACTORA	Arquitectos Mateo Miyar Olaiz e Gonzalo Serantes Conchado (MIYARQUITECTURA, S.L.P. – CIF B-15.999.238)
DATA E NRE ENTRDA	NRE 2023015446, de 16 de agosto (formato dixital)
APROBACIÓN INICIAL	Decreto 2018001246, de 22 de marzo

TERCEIRO.- Publicar no prazo dun mes no Diario Oficial de Galicia:

- a) O acordo de aprobación definitiva do plan
- b) Indicación das medidas adoptadas para o seguimento dos efectos no medio ambiente da aplicación do plan (documento 15085_PP_SUD21_202306_AD_AAE_03RES)
- c) Referencia á dirección electrónica na que figurará o contido íntegro do plan ao dispor do público e o extracto elaborado con carácter previo á aprobación do documento que inclúa os aspectos sinalados no art. 82.2 LSG (documento 15059_PP_SUD21_202306_AD_MX_02XUS).

O documento que conteña a normativa e as ordenanzas deberá publicarse no Boletín Oficial da provincia (Documento 15059_PP_SUD21_202306_AD_NU).

CUARTO.- Solicitar a inscrición do Plan Parcial no Rexistro de Planeamento Urbanístico de Galicia de conformidade co disposto no artigo 88 da Lei 2/2016, de 10 de febreiro, do solo de Galicia e no capítulo X do título II do seu regulamento.

QUINTO.- Remitir un exemplar do documento aprobado definitivamente xunto co acordo plenario da aprobación definitiva á Dirección Xeral de Aviación Civil.

SEXTO.- Dilixenciar os documentos referidos no do Plan parcial do SUD-21 – Alsina (Nós) e o estudo ambiental estratéxico presentados NRE 2023015446, de 16 de agosto (formato dixital) como documentos aprobados definitivamente, arquivando os documentos entregados con anterioridade e que carecen de validez.

SÉTIMO.- Publicar na web municipal o acordo de aprobación definitiva.

OITAVO.- Notificar ás persoas titulares catastrais das parcelas do ámbito do plan parcial e sistemas adscritos, se os houbera.

NOVENO.- Notificar á entidade promotora e á redactora.

DÉCIMO.- O Plan Parcial é unha disposición xeral polo que contra o mesmo poderá interpoñer recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, de conformidade co artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa no prazo de dous meses, a contar do día seguinte ao da publicación desta disposición.”

Punto 4.- Aprobación, se procede, do límite de gasto non financeiro e de cumprimento da regra de gasto do Concello de Oleiros para o exercicio 2024

Expón o asunto a voceira do grupo Alternativa dos Veciños, D^a **M^a José Varela**, explicando que para calcular o límite de gasto non financeiro pódese partir dos ingresos non financeiros previstos e validar posteriormente o cumprimento da regra de gasto ou á inversa; é dicir, a partires do límite de gastos computable e validar posteriormente a coherencia co obxectivo da estabilidade orzamentaria fixado.





CONCELLO DE
OLEIROS

Este límite, calculado a partir dos ingresos non financeiros previstos e aplicando a restrición da regra de gasto, permite dar cumprimento ós obxectivos establecidos de estabilidade orzamentaria e de endebedamento.

Feitos os cálculos correspondentes, resulta que o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do ámbito deste concello en termos consolidados para o vindeiro exercicio de 2024 é de 45.590.283,61 €.

Para o cálculo da regra de gasto, a Lei establece que a variación do gasto computable das corporacións locias non poderá superar a taxa de referencia de crecemento o produto interior bruto a medio prazo da economía española. Para poder valorar o cumprimento da regra de gasto, é necesario obter previamente o importe do gasto computable aprobado para o exercicio precedente. Ós efectos da regra de gasto enténdese por gasto computable, o gasto non financeiro, excluindo os intereses da débeda e a parte do gasto financiado con fondos finalistas.

Pártese logo do límite do gasto computable da última liquidación aprobada correspondente o exercicio 2022 e como gasto computable da liquidación do devandito exercicio, ascende á cantidade de 26.774.037,89 €. A taxa de referencia de crecemento do PIB, a expensas da fixación por parte do Consello de Ministros respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o ano 2024, considérase un incremento do 3,3% aprobado o 11 de febreiro de 2020 para o ano 2023, cunha cantidade de 883.543,25 €; non existindo intereses da débeda do ano 2024; os gastos financiados con fondos finalistas da Unión Europea e Administracións Públicas de 2024, ascenden a 2.628.501,05 €; os axustes do Sistema Española de Contabilidade de gasto do orzamento do 2024 é de 13.449.645,07 €, polo que o gasto non financeiro calculado a partir do gasto computable da liquidación do orzamento de 2022 de 43.735.727,26 €.

Polo tanto, constátase que se cumpre co límite de gasto non financeiro procedendo logo aprobar o límite de gasto non financiero polo importe de 43.735.727,26 €, que marcará o teito de asignación de recursos do orzamento do Concello de Oleiros para 2024 nos termos definidos polo Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais SEC-2010, sen prexuízo de que esta cifra poida incrementarse con outras fontes de financiamento, como pode ser o remanente de tesouraría para gastos xerais, recursos procedentes do alleamento de ben patrimoniais ou subvencións non previstas no orzamento.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, salientando que a cuestión non está no límite de gasto senón cómo se formula, tendo en conta a nebulosa que plantexa o propio informe-proposta a este pleno, dado que dí na páxina primeira que haberá que estar ó que estableza o goberno para o ano 2024; actualmente as regras fiscais están a ser obxecto de revisión aínda que as previsións apuntan a que se produza unha reactivación paramétrica gradual, que non retomará a rixidez anterior á suspensión aínda que non se concretou a forma na que se levará a cabo, nin as consecuencias que se derivarían diso.

Por outra banda, tamén na páxina segunda desde informe fai mención a que debería estar engadido o orzamento do Consorcio As Mariñas, tal e como establece o réxime xurídico do sector público que é certo que aínda non se aprobou, pero sería importante que estivera porque se coñece pola prensa que segundo unhas declaracións realizadas polo alcalde, Sr. García, a respecto de que a intervención do propio Consorcio propón unha subida do 30% no recibo do lixo.





Entende que o número gordo está ben, en termos similares ó orzamento do 2023 pero o problema está no fondo, porque o número é similar pero baixan as aportacións da Deputación provincial, da Xunta de Galicia e un éxito máis probablemente froito desta política de confrontación que leva a cabo este concello ¿Que conleva isto? Que a diminución das aportacións doutras administracións xerará que o peso de manter o número gordo do orzamento municipal recae no peto dos oleirenses e ó final a pregunta a plantexar é ¿Para qué este orzamento? Un orzamento carente de ambición, que non aporta nin ilusión nin proxecto...

Neste intre polo alcalde, D. **Ángel García**, sinálalle ó concelleiro do grupo “Socialista” que estaba a intervir que se ciña ó asunto en cuestión, que o orzamento é o punto seguinte e xa terá ocasión de falar o que estime sobre él.

Segue en uso da palabra o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, manifestando que conclúe en canto á regra de gasto o que estaba a afirmar, que é similar ó de exercicios anteriores e a diferenza radica en que neste orzamento sairá máis do peto dos oleirenses probablemente por levar a cabo unha política un tanto errática en canto á relación institucional coas outras administracións.

Votación

Non habendo máis intervencións da orde do alcalde pásase de seguido á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 23 de outubro de 2023, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”) e **oito (08) abstencións** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”); dúas (02) do grupo municipal “Socialista”) e unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“O artigo 30 da LOEPSF establece que as Corporacións Locais aprobarán, nos seus ámbitos respectivos, un límite máximo de gasto non financeiro, coherente co obxectivo de estabilidade orzamentaria e a regra de gasto (definida no artigo 12 da dita lei), que marcará el teito da asignación de recursos dos seus orzamentos.

En relación a estes obxectivos de estabilidade orzamentaria, sustentabilidade financeira e regra de gasto previstos na lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, é preciso lembrar que no ano 2020, a Comisión Europea decidiu aplicar a cláusula xeral de salvagarda do Pacto de Estabilidade e Crecemento, ao considerar que concorrían circunstancias excepcionais que o xustificaban.

Neste senso, o Consello de Ministros acordou a suspensión das regras fiscais, sendo ratificada dita decisión polo Congreso dos Deputados, de modo que durante os exercicios 2020, 2021, 2022 e 2023 as Entidades Locais non estiveron obrigadas a cumprir cos obxectivos de estabilidade e débeda, así como coa regra de gasto.

En calquera caso, a suspensión das regras fiscais non implicou a suspensión da aplicación da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de Estabilidade Orzamentaria e Sustentabilidade Financeira, do Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais, aprobado polo Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo nin do resto da normativa das facendas locais, todas continuando en vigor. Igualmente, tampouco supuxo a desaparición da responsabilidade fiscal de cada unha das Administracións Públicas á que se refire o artigo 8 da referida Lei Orgánica 2/2012, como tampouco o principio de prudencia á hora de executar os seus orzamentos.

Con todo, a situación de suspensión das regras fiscais foi prorrogada ata o ano 2023, polo que haberá que estar ao que estableza o Goberno para o ano 2024. Actualmente as regras fiscais están a ser obxecto de revisión, aínda que as previsións apuntan a que se producirá unha reactivación paramétrica e gradual, que non retornará á rixidez anterior á suspensión, aínda que aínda non se concretou a forma na que levará a cabo nin as consecuencias que se derivarían diso.

En todo caso, convén pór de manifesto que a reactivación das regras fiscais produce efectos, fundamentalmente, na liquidación do orzamento, e non tanto na súa aprobación.





CÁLCULO DO LÍMITE DE GASTO NON FINANCEIRO

Para calcula o límite de gasto non financeiros pódese partir dos ingresos non financeiros previstos e validar posteriormente o cumprimento da regra de gasto ou á inversa, é dicir, a partir do límite máximo de gasto computable e validar posteriormente a coherencia co obxectivo de estabilidade orzamentaria fixado.

Este límite, calculado a partir dos ingresos non financeiros previstos y aplicando a restrición da regra de gasto, permite dar cumprimento aos obxectivos establecidos de estabilidade orzamentaria e de endebedamento. Deste xeito, a obtención do límite de gasto non financeiro responde aos seguintes cálculos:

Importe	2023
Ingresos non financeiros orzamento 2024	32.629.142,93 €
Obxectivo de déficit	0%
Axustes SEC-2010 orzamento 2024	12.961.140,68 €
1. Ingresos:	
Recadación capítulos 1, 2 e 3 de ingresos	-577.741,23 €
+ Axuste por devolución PIE 2008-2009	89.236,84 €
- Devoluc. Ingresos pendentes de aplicar ao orzamento	0,00 €
2. Gastos:	
Inexecución do gasto	13.449.645,07 €
Gasto non financeiro máximo	45.590.283,61 €

Polo tanto, o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do ámbito do Concello de Oleiros en termos consolidados (perímetro SEC-2010) para 2024 é de **45.590.283,61** euros.

Cómpre sinalar que non se inclúe o orzamento correspondente ao Consorcio As Mariñas, tal e como esixe o artigo 122 da Lei 40/2015 de Réxime Xurídico do Sector Público, dado que os estatutos do Consorcio, aínda sen adaptar á nova normativa, establecen que a competencia para a aprobación do orzamento corresponde ao Pleno do Consorcio, polo que considérase a adopción deste acordo como requisito previo á incorporación do orzamento do consorcio ao propio do Concello de Oleiros.

Tal e como establece o artigo 30 da LOEPSF, este límite de gasto debe de ser coherente coa regra de gasto regulada no artigo 12 da mesma lei, polo que a continuación procederase a calcular a regra de gasto, para deste xeito determinar se afecta ou non ao límite máximo de gasto non financeiro antes sinalado.

Cálculo de la regla de gasto

O artigo 12 da LOEPSF establece que a variación do gasto computable das corporacións locais non poderá superar a taxa de referencia de crecemento o produto interior bruto a medio prazo da economía española.

Para poder valorar o cumprimento da regra de gasto, é necesario obter previamente o importe do gasto computable aprobado para o exercicio precedente. Aos efectos da regra de gasto, enténdese por gasto computable o gasto non financeiro, excluindo os intereses da débeda e a parte do gasto financiado con fondos finalistas.

Pártese do límite do gasto computable da última liquidación aprobada, a correspondente ao exercicio 2020, engádense os créditos previstos para o pagamento dos intereses da débeda, os gastos financiados con fondos finalistas, así como os axustes SEC 2010 do orzamento de gastos:

Gasto computable liquidación exercicio 2022	26.774.037,89 €
Taxa de referencia crecemento do PIB m/p Nota: a expensas da fixación por parte do Consello de Ministros respecto dos obxectivos de estabilidade orzamentaria para o ano 2024, considérase o incremento do 3,3% aprobado o 11/02/2020 para o ano 2023.	883.543,25 €





CONCELLO DE
OLEIROS

+ Intereses de la deuda 2024	- €
+ Gastos financiados con fondos finalistas UE/AAPP 2024	2.628.501,05 €
+ / - Axustes SEC de gastos orzamento 2024	13.449.645,07 €
+ Obrigas Recoñecidas derivadas de IFS 2024	0,00 €
Gasto non financeiro calculado a partir do gasto computable da liquidación do orzamento de 2022	43.735.727,26 €

Deste xeito, o límite de gasto non financeiro dos orzamentos do ámbito do Concello de Oleiros en termos consolidados (perímetro SEC-2010) para 2023 é de 45.288.589,99 euros, o menor dos calculados anteriormente:

Gasto non financeiro coherente co obxectivo de estabilidade	45.590.283,61 €
Gasto non financeiro coherente co obxectivo de regra de gasto	43.735.727,26 €
Límite de gasto non financeiro para 2024	43.735.727,26 €

Polo tanto, os gastos non financeiros totais derivados do proxecto de orzamento para o 2024, nos termos definidos polo Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais (SEC-2010), que ascenden a **43.735.685,00 €** euros euros, **cumpren co límite de gasto non financeiro.**

Gasto computable do orzamento de 2024	43.735.685,00 €
Diferencia do gasto computable do orzamento respecto do límite de gasto non financeiro	-42,26 €
% de incremento/diminución respecto ao límite	0,00%

Por todo o exposto, propoño ao Concello-Pleno a adopción do seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobar, en cumprimento do establecido no artigo 30 da Lei Orgánica 2/2012, de 27 de abril, de estabilidade orzamentaria e sostenibilidade financeira, modificada pola Lei Orgánica 4/2012, **o límite máximo de gasto non financeiro no importe de 43.735.727,26 euros**, que marcará o teito de asignación de recursos do orzamento do Concello de Oleiros para 2024 nos termos definidos polo Sistema Europeo de Contas Nacionais e Rexionais SEC-2010, sen prexuízo de que esta cifra poida incrementarse con outras fontes de financiamento, como pode ser o remanente de tesouraría para gastos xerais, recursos procedentes do alleamento de ben patrimoniais ou subvencións non previstas no orzamento.”

Punto 5.- Aprobación inicial, se procede, do orzamento xeral do Concello de Oleiros para o exercicio 2024, así como as bases de execución e o respectivo cadro de persoal

Expón o asunto a voceira do grupo Alternativa dos Veciños, D^a M^a José Varela, sinalando que as entidades locias teñen que aprobar anualmente un orzamento único, que coincida co ano natural e que estará integrado polo orzamento da propia entidade e o de tódolos organismos e empresas locais con personalidade xurídica propia.

O orzamento xeral do concello para este exercicio de 2024 está composto polo orzamento da propia entidade e a empresa de capital 100% municipal, Aquaoleiros SA e non se engade o correspondente ó Consorcio As Mariñas, tal e como exige o art. 122 da Lei 40/2015, de Réxime Xurídico do Sector Público, porque segundo establecen os seus estatutos, éste debe aprobarse polo pleno do propio Consorcio previamente a súa incorporación ó orzamento do Concello de Oleiros, o que non se produciu ata este intre, incorporándose logo unha vez se aprobe.

O orzamento municipal para 2024 ascende a 43.810.000,00 €, un 5,54% máis respecto ó anterior e entrando de cheo na análise da súa estrutura; no Capítulo I, de Gastos de Persoal, ascende 12.279.860 € prevéndose un incremento do 2,85% derivado dos feitos que se sinalan:





CONCELLO DE
OLEIROS

- Aplícase un incremento do 2,50% anual para o persoal funcionario, laboral, persoal eventual e cargos electos, segundo se desagrega:
 - Un 2,00% de incremento previsto na Lei de Orzamentos Xerais do Estado.
 - Un 0,5% de incremento aprobado polo goberno do Estado, como compensación á perda do poder adquisitivo pola inflación e que ten efectos retroactivos desde o mes de xaneiro de 2023.
- Incorporáanse tódalas prazas que son obxecto de consolidación e estabilización do emprego, previsto na Lei 20/2021, do 28 de decembro, de medidas de redución da temporalidade no emprego público e que este concello está neste intre a levar a cabo.
- Mantéñense tanto o número de efectos como a duración da contratación de persoal temporal de reforzo da Policía Local no período estival, os servizos de mantemento do medio ambiente e socorrismo, así como tamén o de limpeza de praias.

No Capítulo II, de gastos en bens correntes e servizos, acada os 14.844.640 €, medrando un 13,44% derivado principalmente da necesidade de licitar a maior parte dos contratos de prestación de servizos e subministración que ten o concello, coa conseguinte actualización dos custos en materiais, combustibles, enerxía eléctrica e man de obra, que se viron incrementados nos derradeiros anos como consecuencia da situación económica xeral do Estado e tamén se prevé un incremento do gasto pola recente incorporación de novas zonas ós contratos de limpeza viaria e manteamento de zonas verdes.

Débese destacar neste Capítulo, o aumento no gasto derivado do contrato de servizo de axuda no fogar, dirixido á atención de persoas maiores e con dependencia, que medra como medio millón de euros máis.

Capítulo III, de gastos financeiros, mantéñense practicamente a respecto do orzamento deste ano, acada a cantidade de 56.780 €, aínda que se minora en canto ó gasto de pagamento de comisións polas disposición de saldos en contas bancarias, debido ós recentes cambios dos mercados financeiros. Así mesmo, prevese o posible gasto derivado da apertura e formalización dunha operación de endebedamento.

O Capítulo IV, de transferencias correntes, ascende a 1.515.730 € e nel recóllense as transferencias correntes a entidades e outros organismos, o que non ofrece variación salientable en canto ó orzamento de 2023; ó igual que o Capítulo V, correspondente ó fondo de continxencia e outros imprevistos, no que se orzamentan 350.000 €.

No que atinxe xa ó Capítulo VI, de investimentos reais, débese sinalar que se dotan créditos para novos investimentos que se consideran necesarios para manter o extenso patrimonio municipal, garantindo o normal funcionamento dos servizos por un importe de 14.658.675 €, o que representa un incremento do 1,29% en canto ó orzamento deste ano 2023.

Neste documento orzamentario vólvese a manter, como en anos anteriores, o criterio de financiamento inicialmente ós investimento con endebedamento para logo, durante a execución do orzamento, avaliar a súa substitución polo uso de remanente de tesourería derivado da liquidación do actual orzamento ou polos ingresos derivados do alleamento de parcelas patrimoniais pertencentes ó Patrimonio Municipal do Solo.

Así mesmo, non se prevén gastos financiados con ingresos derivados do alleamento de parcelas do Patrimonio Municipal do solo, polo que será no intre da adxudicación do alleamento destas parcelas patrimoniais cando se





proceda a modificar o orzamento para executar novos investimentos ou ben destinados a substituír os ingresos previstos por endebedamento.

Como en exercicios anteriores, dase prioridade ós investimentos que favorezan o aforro no gasto corrente ou permitan a xeración directa ou indirecta de novos ingresos e a reactivación da economía local. Este Capítulo finánciase con achegas da Deputación provincial, en concreto a través do POS+ 2023 (adicional nº 1) por un importe de 967.438 €, con ingresos correntes afectados e gastos de investimento (cotas de urbanización e contribucións especiais) por un importe de 1.548.512,19 €; 997.867,69 € procedentes do aforro neto municipal e 11.144.857,07 € con endebedamento, pretendéndose minorar mediante o uso do remanente de tesourería derivado da liquidación do orzamento de 2023 ou polos ingresos dervidos do alleamento do Patrimonio Municipal do Solo.

No Capítulo VIII, consígnanse 36.000 €, dotación igual ó exercicio 2023 e no Capítulo IX, de pasivos financeiros, dótase crédito neste exercicio para a amortización do préstamos vixente concedido pola Deputación provincial da Coruña, dentro do Plan de Aforro e Investimento (PAI) 2015.

No que atinxe ó Estado de ingresos e ó Capítulo I, de impostos directos, ascende á cantidade de 12.048.000 € procedentes do IBI, do Imposto de Tracción Mecánica (IVTM), do coñecido como a plusvalía e do IAE.

En termos xerais, confírmase a evolución dos ingresos durante os anos 2022 e 2023, sendo a salientar o incremento no IBI de natureza urbana das novas altas producidas no padrón do imposto. O incremento total deste Capítulo é do 7,94% a respecto do exercicio actual.

No Capítulo II, de impostos indirectos, ascende a 1.400.000 € e proceden da construción, instalación e execución de obras, que incrementa un 7,69% derivada da actividade urbanística que se está a producir no concello desde o ano 2021 e que repercute nun incremento de racadación do imposto anteriormente sinalado.

O Capítulo III, de taxas, prezos públicos e outros ingresos, por un importe contemplado de 4.748.126,88 €, cun incremento do 1,25% debido fundamentalmente ó crecemento da actividade urbanística, así como a actualización de diversas taxas municipais aprobada por este pleno, na súa sesión que tivo lugar o pasado 28 de setembro. Inclúe tamén este Capítulo a previsión de ingresos por cotas de urbanización para o financiamento das obras de execución do planeamento previstas no anexo de investimentos.

O Capítulo IV, de transferencias correntes, ten un orzamento de 12.980.078 €, experimentando un crecemento de 4,02% principalmente debido á actualización dos ingresos procedentes da participación nos tributos do Estado. Tense en conta o importe da liquidación negativa da participación de 2020, logo da compensación realizada coa dotación adicional prevista na Lei de Orzamentos Xerais do Estado para o ano 2022, así como a liquidación definitiva da participación do exercicio 2021, que resulta positiva para o concello en 310.099 €.

Incrementábase tamén a achega por parte da Xunta de Galicia para o servizo de Axuda no Fogar para as persoas dependentes e a da Deputación do POS+, que o concello destina á parte de financiamento do gasto corrente.

No Capítulo V, de ingresos patrimoniais, por un importe de 449.500 € e que incrementa un 65,26% debido á remuneración por parte das entidades bancarias polos saldos das contas municipais, por fin as entidades financeiras cambiaron outra vez a súa política e van pagar intereses polos saldos nas contas municipais.





CONCELLO DE
OLEIROS

Non se orzamenta nada para o Capítulo VI, de alleamento de investimentos reais, tal e como xa manifestou anteriormente; no Capítulo VII, de transferencia de capital, orzáméntanse 967.438,05 € que se corresponden coa achega da Deputación provincial no POS+2023 Adicional e que ten unha diminución dun 18,43% a respecto do previsto no ano 2023, non incluíndose a achega da Deputación para o POS+2024 porque a día de hoxe descoñécese o seu importe. O que atinxe ó Capítulo VIII, de activos financeiros, prevense 36.000 € e, finalmente para o Capítulo IX, de pasivos financeiros, orzáméntanse os 11.144.857,07 € procedentes da operación de endebedamento á que antes aludiu, a longo prazo e para o financiamento do anexo de investimentos nun primeiro intre, quedando a expensas logo como antes tamén sinalou da liquidación do orzamento do 2023 ou tamén á espera da posible venda de chan municipal.

En resume, o orzamento municipal sofre un incremento dun 5,54% sobre o deste ano 2023; os gastos en bens correntes básicos que se prestan á veciñanza e os investimentos en obras e infraestruturas son os máis salientables neste documento orzamentario, cun 33,88% e un 33,46%, respectivamente; procede logo aprobar o documento inicialmente, sometelo a información por 15 días a efectos de presentación de posibles alegacións ou suxestións que de non se presentar entenderase definitivamente aprobado e de ser así, volverá a este pleno para a resolución das mesmas e aprobación definitiva.

Intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jaime Núñez**, preguntando ¿Canto tempo tardaron en confeccionar este documento orzamentario? Seguramente que varios meses e o sorprendente é que ós grupos da oposición só danlles uns días para estudalos.

Atópanse de seguido, un día tras outro, con trabas para non poder realizar de xeito correcto a súa función de oposición ó goberno municipal, mentres os membros do propio goberno están a traballar diariamente na admón. municipal, os membros da oposición adican altruístamente o seu tempo libre roubándolle case sempre á familia para facer este labor, polo que solicitan un pouco de consideración.

Este documento orzamentario que pretende aprobar non contribúe a resolver os grandes problemas municipais e que se deben abordar porque non se incrementaron partidas que o seu grupo considera fundamentais e que incluso, nalgún caso, víronse reducidas.

Nestes derradeiros días púidose comprobar como saltaban as tapas da rede de sumidoiros e pluviais, saíndo a auga a borbotóns en varios puntos do termo municipal, o goberno local alegará como sempre que caeu moita auga e que é algo natural, pero a realidade é que esta rede está obsoleta e non está en condicións nin tampouco dimensionada debido ó crecemento constante da poboación, polo que propoñen que a partida 60.160.61900 se incremente en 500.000 € para tratar de corrixir esta situación.

Tamén solicitan que se incremente a partida 60.161.61900, de reposición da infraestrutura de abastecemento a domicilio de auga potable en 300.000 €, mantendo así o importe da partida orzamentaria deste ano coa fin de seguir renovando e mantendo axeitadamente as instalacións de abastecemento actuais.

No derradeiro exercicio realizouse unha actuación en canto á mellora e actualización do alumeado e agora ven que non teñen a intención de seguir facéndoo dado que se reduciu en 600.000 € esta partida, aínda que seguen a





CONCELLO DE
OLEIROS

existir ó longo do termo municipal moitas zonas con alumeado deficiente e, incluso algunha sen él, polo que cren que deberían seguir na mesma liña de aí que solicitan o incremento da partida de reposición, actualización e mellora do alumeado público 60.165.61900 en non menos de 305.000 €.

Cren que debido á actual situación económica, coa subida das hipotecas, da inflación, etc., o concello debería ser un pouco máis ambicioso e tratar de axudar máis ás familias con fillos en idade escolar, polo que solicitan o incremento de 70.000 € máis ó xa orzamentado para colaborar coas ANPAS, comedores escolares, co aumento na partida 70.231.48003, asistencia social “comedores escolares” ou a correspondente ás ANPAS.

Ó igual que xa teñen pedido en anos anteriores, volven pedir o incremento da partida 70.231.22105, asistencia social “produtos alimenticios” en 150.000 €, porque sempre lles gustou presumir de ter un servizo social inmellorable, pois é hora de incrementar esta partida porque o seu grupo leva varios exercicios pedíndoo.

Por outra banda, xa que se perdeu a subvención solicitada para a reforma do Mercado Municipal, solicitan que se destine unha partida suficiente como para abordar o proxecto que se tiña prometido.

Parécelles sumamente importante que lle adique o importe necesario ó estudio de mobilidade que encargaron no seu intre para dar unha solución dunha vez por todas absorvendo o tráfico existente neste municipio e tamén solicitan que se destine unha partida suficiente para facer un estudo de todo o arborado municipal, realizando podas de saneamento para a seguridade cidadá, todas as que sexan necesarias.

Existen ó longo do concello parques e xardíns que están moi descoidados, incluso perigosos, neste eido entenden que se debe facer tamén un investimento xeneroso, o mantemento é fundamental polo que solicitan o aumento das partidas 61.341.21201 en 10.000 € e a 61.342.21202 en 20.000 € para mantemento de pavillóns e campos deportivos, mantendo así os importes que tiñan nas partidas correspondentes ó orzamento deste exercicio.

Gustaríalles que se incrementasen as partidas do Programa 341, comercio, en 300.000 € para abordar un programa de axuda ó autónomo e ó comercio local.

Esquecíase da petición do incremento da partida 80.338.48900 de festas populares en 10.000 €, para poder instalar un decorado de nadal, que está moi ben, unhas luces nas zonas comerciais e que saquen un pequeno sorriso ós nenos e nenas nas zonas comerciais.

O incremento da partida 50.132 de persoal da Policía Local, en non menos de 500.000 € para a creación de novas prazas, son coñecedores de que convocaron 7 novas prazas, pero non deixa de ser máis que un parche para tapar a fuxida de axentes da Policía Local a outros concellos limítrofes en busca de mellores condicións salariais e mellor clima laboral e vaise reproducir a situación unha vez que remate este ano.

Unha vez feito o relatorio de propostas de incremento e habilitación de partidas novas ó orzamento municipal proposto, salienta que a contía necesaria sairía do gasto previsto para a construción innecesaria e cuantiosa dun auditorio municipal, ó considerar que é inxustificable darlle prioridade a este investimento na situación actual e o mesmo para o gasto innecesario tamén de propaganda, en canto a mantemento e instalación de paneis luminosos, emisoras de radio, publicidade, así como da subida de salario ós membros do goberno local e non como dixo, dos cargos electos.





CONCELLO DE
OLEIROS

Débese ter en conta que para cubrir estes gastos innecesarios que remata de dicir, vaille solicitar ós oleirenses que se apreten un pouco máis o cinto coa subida de taxas e impostos, como xa empezou a facer, e todo isto sen resolver os problemas que enumerou ó longo da súa intervención.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que a proposta de orzamento municipal chega tarde e xa sabe que alegarán que moito máis cedo que outros concellos próximos, pero o certo é que este goberno municipal non ten necesidade de negociar cos outros grupos políticos para a rendición e non é que o diga él senón que no propio informe do interventor municipal sinálase que tiñan que se presentar ó pleno municipal antes do 15 de outubro, desde logo exemplo de boa práctica non pode dicir que é.

Falaban antes que este documento orzamentario non é ambicioso, senón carente de ilusión, de proxecto, de rumbo e de visión de futuro, non deixa de ser un corta e pega do exercicio actual, a costa de incrementar algunhas partidas a cambio de subir a presión fiscal á veciñanza, tal e como viron na sesión plenaria anterior con subidas dun ata 8,9% nas taxas para ó final, pagar os caprichos do alcalde.

Un orzamento tamén marcado polos erros na xestión previos de subvencións, como o proxecto da senda de Nós a Iñás que se está a construír neste intre e que supón un investimento moi importante ou a reforma do Mercado Municipal de Perillo; nun caso por non chegar ós límites mínimos de puntuación con cero puntos en calidade e no proxecto do Mercado, por non xustificar axeitadamente a redución enerxética, 2,5 millóns de euros perdidos en subvencións e cos que se poderían abordar moitos proxectos novos e aínda se está a agardar a que alguén asuma o erro político desa xestión.

Facendo unha comparativa entre o orzamento de 2023 e 2024, atopan cuestións curiosas porque no imposto de bens inmobles pásase de 7.600.000 € a 8.400.000 € o que implica un aumento do IBI urbano dun 9,5%, ou a do IVTM dun 3%, a do ICIO nun 7,2% e a do IAE a un 8,2%; isto implica este crecemento por dous motivos, no caso do IBI é que crece o parque urbano dun ano para outro nun 9,5% ou é que representa o incremento do gravame que se vai aplicar ás fincas e parcelas actuais.

Logo, indo á memoria que tan ben pormenorizou a voceira do goberno municipal resulta que no Capítulo I de persoal, incrementan a subida do 2,5% ó persoal, pero é que tamén o aplican tanto ó persoal que nomearon a dedo e ós membros do goberno municipal e están aínda á espera de que se lles diga cal é a norma que avala isto, de que tamén os obriga a subir ós membros do goberno deste concello.

No Capítulo II, de gastos correntes e bens de servizos, os gastos correntes increméntanse nun 13,44 %, pero é que indo ó concreto desta subida, resulta que o gasto corrente ven sendo o que gasta cada familia no día a día, non é un investimento, e cre que se está a facer unha mala praxis nos contratos, porque a lei de contratos do sector público establece a licitación preferente por lotes para facilitar o acceso ás PEMEs e que haxa competencia; no contrato de limpeza viaria pasouse en cinco anos de licitar dous lotes, un por 1,9 millóns de euros e outro por pouco máis dun millón de euros, a que agora licítase por 5,2, cinco anos non xustifican unha subida dun 25%, nin polo incremento de combustibles ou salarios, o que acontece con isto é que se diminúe a competencia provocando





que sexa a adxudicataria probablemente unha multinacional e quen vai soportar ó final ese sobre custe, a veciñanza de Oleiros, vía aumento de taxas e de presión fiscal.

Tamén extráese desta comparativa entre os exercicios 2023 e 2024, no Capítulo de investimentos, observan que van deixar unha herdanza envenenada que hipoteca o futuro deste concello, porque perde a oportunidade de investir no necesario, dado que ese investimento real vai transformarse en gasto corrente ¿Por qué? O 13% do orzamento total de Oleiros vai neste exercicio e o seguinte ó pago do capricho do alcalde, resulta curiosa nesta memoria a falla de argumentos defendendo esta actuación que só cita “construción dun edificio multiusos en Bastiagueiro”, unha frase curta para un gasto plurianual de máis de 10 millóns de euros.

Resulta tamén cando menos paradigmático que na propia memoria tamén se poña de manifesto que se dá prioridade ós investimentos que favorezan o aforro, non ó gasto corrente e que permitan a xeración de novos ingresos e a reactivación da economía social; isto non é así, porque a construción deste auditorio que se leva a metade do investimento, insiste en que o 13% do orzamento total municipal, vaise converter nun pozo sen fondo de gasto corrente no futuro porque vai ter uns gastos cuantiosos en gastos de enerxía, persoal e mantemento e séguese sen coñecer se existe un estudo de retorno ou unha estimación deses gastos cos que vai contar.

O Capítulo de investimento reflicte de novo en Oleiros que estes van fundamentalmente á costa, esquecéndose do Oleiros interior, que leva unha porcentaxe mínima do orzamento, botan de menos unha programación de investimentos por parroquias de acordo ó seu estado actual e unha previsión de crecemento. Botan tamén en falla unha aposta polas melloras das infraestruturas básicas, para que a auga, o saneamento, a eficiencia no alumeado e en edificios municipais mellore, isto sería aforrar para o futuro, non existe aposta por instalar por exemplo fotovoltaica no concello, investindo e gastando agora pero aforrando no futuro, xusto o que non acontece coa construción do auditorio, porque no futuro o que traerá será máis gasto.

A respecto do auditorio, non discuten sobre se pode ser un proxecto de interese, o que se discute é a oportunidade e o intre actual, porque con eses cartos poderíase arranxar a rede eléctrica, o saneamento, a rede de auga, o alumeado, a seguridade das persoas, que mozas e mozos que non poden alugar tivesen a oportunidade de acceder a unha vivenda, pero o goberno municipal decide adicar este investimento á execución dunha obra faraónica.

Resulta curioso igualmente, que para cadrar números proponse vender parcelas municipais, allealas, ata cando vaise estar vendendo patrimonio para cadrar o gasto corrente do día a día, se ese alleamento de patrimonio se adicase a facer investimento, aínda podería ser bo, pero e que ó final resulta unha descapitalización a futuro.

Resume, estes orzamentos son carentes de ambición, sen visión de futuro, non respostan ás necesidades de crecemento de Oleiros e reflicte un proxecto esgotado que non é o que precisa a veciñanza. Máis aló da foto e titulares que promove Alternativa, estes números amosan pouca preocupación polo día a día dos servizos básicos e unha xestión mellorable.

Ten que recoñecer que houbo unha época de boa xestión neste concello, xa hai moitos anos, pero a día de hoxe non se pode vivir a golpe de rendas e desinformación están máis preocupados por asuntos sucesorios que dos temas do día a día.





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, sinalando que as primeiras eivas que detectan no proxecto orzamentario e como ven sendo habitual durante estes últimos anos, empeza pola súa elaboración e a falla de información á cidadanía, ó tecido asociativo, ó resto de formacións políticas representantes neste pleno e na participación popular; na falla de participación no mesmo proceso ós cidadáns e onde poidan defender as súas necesidades.

Os grupos políticos municipais reciben a proposta de orzamento con nove días antes da celebración deste pleno, sendo para o BNG difícil e por non dicir imposible facer un estudo pormenorizado dos mesmos ante a evidente falla de medios polo que non pode cumprir a súa función.

Tamén decoñecen o acontecido na xuntanza que o alcalde fai tódolos anos coas entidades culturais, deportivas, sociais ou educativas, así como as achegas que fixeron as mesmas ó orzamento deste exercicio, o BNG acha fundamental que todo o tecido asociativo de Oleiros reciban convite para poder participar na elaboración do orzamento municipal. De facto, tamén entenden que debe acollerse ó regulamentado, é dicir, crear mecanismos claros e transparentes para chegar a propostas e ter garantías de que poidan ser atendidas e respondidas en tempo e forma.

Existen modelos participativos doutros concellos e non dí que os haxa que copiar, pero se poden adaptar á realidade de Oleiros, de aí que como elemento fundamental para o seu partido é que sexa un proceso realmente participativo e que poidan coñecer os proxectos que entidades e persoas achegaron ó documento contable do goberno local para algo tan básico como contratar esas achegas coas que aparecen no documento, comprobando que estean e no caso de que non, poidan preguntar o motivo da súa exclusión.

Botan en falla tamén certa didáctica, explicación ou contextualización socio-económica alén do decreto do marco orzamentario, cren que non existe representación de cada partido, voceiras e voceiros, escasea a información á cidadanía e a pedagogía orzamentaria para co pobo, entendendo logo que a transparencia é bastante mellorable. Na súa vertente pública, parece que é máis un trámite orzamentario para superar o máis axiña posible o cumprimento dun mero proceso burocrático, en vez de procurar esa pedagogía, o acompañamento á cidadanía, a transparencia, participación cara a enriquecer o orzamento con achegas de todo tipo.

Tamén entenden que deben ser explicadas as perdas sufridas ó terse que adicar inxentes cantidades económicas a atender competencias da Xunta de Galicia, que é experta en soltar o que dá traballo, o que molesta en competencias puramente autonómicas e que delega nos concellos por non asumir as súas obrigas, como pode ser o caso do SAF, centros de día, residencias, escolas infantís, comedores escolares, violencia machista, protección ás vítimas desa violencia criminal ou mesmo do chamado “ciclo da auga” e depuración da mesma. Todas estas materias derivan de competencias autonómicas o que explica a deixadez da Xunta de Galicia, porque a asunción destas competencias a carencia ou inacción doutras administracións é, ademais de inxusto, un problema que evidentemente remata por recaer nas arcas públicas dos concellos. Resulta unha dobre inxustiza porque, por unha banda, os concellos asumen e pagan para que a veciñanza teña eses servizos ou equipamentos, máis logo non repercuten na autonomía local.





CONCELLO DE
OLEIROS

Falando dos ingresos, o documento orzamentario non deixa de ser público, unha declaración de intencións políticas e como calquera asunto que se achega ó pleno cómpre logo facer unha valoración política e desde este punto de vista, ó BNG parécelle que o orzamento presentado polo goberno municipal é continuista, tanto no positivo coma no negativo, limitase a unha xestión boa nalgúns ámbitos e non tan boa noutros, aínda que lles parece unha falla de planificación a longo prazo. Preocúpalles moito que se afonde no modelo económico de sempre parecendo que non se aprendeu nada da crise nin do estourido da escalada especulativa que a provocou, aínda así o 37,17% dos ingresos correntes proveñen da man dos impostos directos, nomeadamente o incremento ós terreos urbanos e sobre todo o IBI, o 4,42% desas operacións, vía impostos indirectos, por licenzas urbanísticas e o 10,84% das taxas e prezos públicos tamén se atopan dentro do pastel ou da torta urbanística, dentro doutros variados eidos.

Parece que para este ano non existe previsión de venda de chan público, de alleamento de investimentos reais, porén contéplase a posibilidade de reducir o endebedamento coa venda futura de chan público que se poida producir, agardan desde o goberno local. Fica logo a importancia do urbanismo un ano máis, pois nas previsións de ingresos non semella que existan alternativas para un desenvolvemento futuro, máis sustentable, diversificado e menos condicionado por un sector, como é o da construción, un sector tan propenso sempre a querer facer valer os seus intereses a calquera prezo, leve o que leve por diante e antepondo ante todo ó seu beneficio; unha macrourbanización como a de Xaz con todo o que leva aparelado e outras deste modelo, achan que non é o modelo máis axeitado para Oleiros.

Nos impostos directos, impostos sobre o capital, IAE, taxas e prezos públicos, prevese un incremento a respecto do recadado neste exercicio de 2023 dun 7,94%, 7,90%, 8,89% e 1,25% respectivamente, medrando a presión fiscal un 4,52%, circunstancia ata certo punto normal dada a enorme inflación que asola o Estado e o certo incremento paulatino sempre menor da inflación que os salarios, todo sube, os impostos tampouco poden quedar atrás si se quere elevar o gasto social, meter máis gasto social e infraestruturas con menos impostos é unha absoluta hipocresía, a cuestión fundamental é como se reparten os impostos e a que partidas van adicadas a esas recadacións.

Quere salientar tamén que o 41% dos ingresos derivados de operacións correntes proceden de transferencias da Xunta de Galicia, da Deputación ou do Estado e moitas das da Xunta de Galicia veñen cargadas polo demo, como comentou anteriormente. No que atinxe ós ingresos financeiros, cómpre sulñar o endebedamento de 11 millóns longos de euros, a metade dos cales neste exercicio irán destinados ó aditorio de Bastiagueiro, o 76,03% dos gastos do Capítulo VI, de investimentos reais, virán da man do endebedamento e fóra de argumentos ultraliberais achan que o endebedamento é un instrumento lícito e mesmo recomendable en moitas situacións, endebedarse non ten porque ser malo, ó contrario pode ser bo, o tema é para qué ese endebedamento, para incrementar e reforzar servizos públicos adiante, para o auditorio de Bastiagueiro, baixo o punto de vista da súa organización para nada. O goberno municipal entende que este endebedamento non será preciso si se cumpren as expectativas de venda de chan público e dos remanentes de tesourería de exercicio anteiror. En canto ó endebedamento está por ver se as decisións do goberno do Estado para 2024 producen a volta ás restricións de gasto e á austeridade que tan ben





se coñece en Galicia. En canto ós gastos, Oleiros destina 103,72 € por habitante a gasto social; o 13,5% do gasto corrente vai adicado a gasto social, o que representa o 8% do gasto total, son números por riba da media, aínda así atopan deficiencias de investimento municipal en canto por exemplo, para perceptores da RISGA ou nas contías de emerxencia social para compensar a galopante subida do IPC.

Vivenda e urbanismo, 12,22% do gasto total, o actual modelo urbanístico afecta de xeito directo e negativamente á mobilidade, medio ambiente, comercio de proximidade e ó acceso a unha vivenda asequible, queren cambiar este modelo por unha ordenación do territorio pensada para as persoas e baseada na sustentabilidade, esta materia segue a devorar inxente cantidade de recursos e consideran que cómpre reverter a tendencia.

Medio ambiente leva o 13,63% do gasto social, do que o 5,11% por certo está destinado ó programa de parques e xardíns, non entende como ese importante gasto non conte cunha concellería propia para o eido do medio ambiente, dado que para o BNG considérase elemental. Tamén estráñalles que o desbroce e limpeza de parques estea adscrito a medio ambiente, en vez de incluílo en parques e xardíns.

O gasto no mantemento de parques e xardíns é moi importante, sen contar o gasto en desbroce de parques que está adscrito a medio ambiente. Entende que se debe ir a un modelo urbanístico extensivo, que non destrúa o bosque autóctono, valorizando así ós montes propios e ó fío disto, cre que é necesaria unha modificación da RPT actual para engadir algunha praza de persoal Técnico en Medio Ambiente, por ser un dos maiores gastos do orzamento municipal.

Tamén gustaríalles saber no programa de educación ambiental ¿Cal é o seu orzamento?; ¿Cantas actuacións se destinan a aforro e eficiencia enerxética? E cren que é necesaria a dotación de melloras no alumeado das parroquias, con criterio de eficacia e sustentabilidade.

Ao fomento de emprego destínanse practicamente 600.000 €, 1,34% botan en falla axudas económicas para o período inicial de cada cooperativa e á implantación de empresas no concello, así como bonificacións segundo o número e empregos que xeren, tamén dotación orzamentaria destinada á creación de empresas e emprego na economía social.

Seguridade pública e mobilidade cidadá, consume o 8,86% do orzamento, cren que se debería crear unha concellería de mobilidade, atendendo á mobilidade peonil, pavimentos, alumeado e apostando por humanizar determinadas áreas que están especialmente saturadas como a Avda. das Mariñas, Montrove, Perillo ou Nós.

Deberían destinarse tamén recursos a un plan de accesibilidade universal, en dúas escalas, tanto nos espazos públicos coma no interior de edificios municipais e nos accesos ós mesmos. A seguridade pública e cidadá debe ser un obxectivo plurianual e coma fin a eliminación de barreiras físicas e sensoriais nun prazo razoable, con máis recursos para os carrís bicis, completando ós tramos existentes, xerando máis itinerarios ciclables e seguros, que permitan a conexión entre núcleos próximos.

Creación dun parque público de alugueiro de bicicletas, desenvolver o PEMUS, tamén dotación de recursos para desenvolver acceso peonís seguros, por exemplo ó CEIP da Rabadeira; reforma integral do Camiño do Saber en Sta. Cruz; recuperando ambientalmente o río e a Braña, ata a Rúa María Casares; no senso de convertela nun aula da natureza para o CEIP Isidro Parga Pondal, en Sta. Cruz.





CONCELLO DE
OLEIROS

No que atinxe á partida orzamentaria para o comercio local, están consignados 20.000 €; dos que 2.000 € son para feiras periódicas e 18.000 € para a feira do mel, descoñece o mel que se produce en Oleiros, pero debe ser unha potencia porque recibe dez veces máis de apoio que o comercio local. Non se opoñen á feira do mel, pero parece máis un evento lúdico que de promoción económica, botan en falla medidas económica de apoio ó comercio de proximidade, especialmente en espazos abandonados como Sta. Cristina, aínda que agora se fala de que existe un certo repunte, aínda está sen consolidar; incentivos fiscais a PEMEs e tamén, o destino do recadado na ORA a promoción e dinamización da hostalería e restauración locais.

Sobre a consignación orzamentaria ós órganos de goberno non quere dicir nada e a subvención ós grupos políticos municipais séguese co orzamentado anterior de 60.000 €; investigación e desenvolvemento só 10.000 €; transporte público 220.000 €, que entenden que en base a esta partida a fondo perdido séguese conservando a liña Lorbé-O Burgo, doutra maneira desaparecería pois iso neste asunto parabéns; urbanismo e gastos xurídicos, 40.000 €; asistencias a tribunais 35.000 €; administración xeral e gastos xurídicos 60.000 €, non coñece o concreto dese gasto; comunicación e propaganda subiu de 62.000 a 67.000 €; administración xeral, 50.000 €; existen outras partidas de publicidade noutros servizos como urbanismo, asistencia social, turismo, cos que están de acordo.

Queren resaltar tamén o forte incremento do gasto de máis de 9 millóns de euros nesta anualidade, cando no 2023 era de 7,5 millóns, un incremento que lles preocupa; por exemplo os gastos de xestión dos auditorios lévanse 85.500 €, gustaríalles coñecer o estudo do custe neste aspecto para o novo auditorio; festas populares, 3.000 € cando a intención do seu grupo é facer un programa participativo, co que se incrementaría este gasto e en canto ó ámbito de participación, entenden que debe levar a redactarse un regulamento de participación veciñal, botan en falla esta cuestión como xa dixo en múltiples ocasións e de contar cuns mínimos no eido de participación o seu grupo votaría a prol deste orzamento.

Intervén o alcalde, D. **Ángel García**, sinalando que os tres grupos políticos neste senso alegan que tiveron pouco tempo para estudar o documento orzamentario e que o goberno municipal tivo máis tempo para confeccionalo, claro que é así porque o orzamento é un documento longo e non se deberían queixar porque lles dan o traballo feito, envíanllo en soporte informático e poden velo practicamente nun día.

Alegou o grupo “Popular” que o orzamento non ven resolver os problemas municipais e a iso tenlles que dicir que parece que non estudaron ben o documento, porque tódolos problemas é difícil resolvelos pero unha parte importante e principais sí.

Entre outras cuestións, manifestaron que estes últimos días observouse un problema que ven sendo recorrente porque saltaron todas as tapas da rede de sumidoiros e é certo, pero en Oleiros e en todo o mundo cando cae un diluvio que ature ningunha sección da rede de pluviais e sumidoiros de ningunha cidade de España e isto está máis que comprobado, só fai falla atender ós informativos. Oleiros conta cunha rede boa, con máis de trescentos quilómetros, con vintecinco bombeos e tres depuradoras.

A mellora do alumeado é unha das cuestións nas que se está a poñer maior énfase porque se pediu á Unión Europea (UE) unha axuda do 80% destinada a esa fin para mellorar uns 3.000 puntos de alumeado, xa foron nunha





anterior actuación 2.000 e agora, insiste nos 3.000 puntos dos doce mil e pico que existen ó longo do termo municipal, polo que están traballando nelo e á espera da concesión da axuda solicitada da UE.

Incrementar a partida adicada a comedores escolares; é unha das partidas orzamentarias que máis subida tivo porque dos trinta e pico mil euros neste exercicio chegouse ós cento trinta e pico mil euros destinados á axuda a familias con necesidades, ó igual que a partida adicada ós servizos sociais que medra en medio millón de euros, porque o concello complementa o pago ás persoas que realizan o servizo de axuda no fogar, dado que o que lle pretende pagar a Xunta de Galicia é irrisorio e os concellos teñen que complementar, como dixo, unha competencia que é da institución autonómica.

As actividades a desenvolver no Nadal consisten en xogos para as nenas e nenos nos lugares máis poboados porque este non é un concello de lucecitas nin hai un alcalde 'iluminado'. Estas actividades terán un custo duns 80.000 € durante mes e pico con pista de xeo, cabalgata de reis e este ano van instalar un árbol de nadal en cada unha das parroquias municipais.

No que volven coincidir os tres grupos é no tema da crítica á construción do auditorio, por mor dunha actuación dos entón integrantes do grupo "Socialista" que boicotearon ó final o proxecto, houbo que indemnizar á empresa adjudicataria 100 millóns das antigas pesetas sen facer absolutamente nada de obra e por esa política obstrucionista do PSOE non se puido executar unha obra que non tiña un custe como o actual.

No que respecta ó alegado polo PSOE e á suposta falla de ambición, dicir que se ten a necesaria para dirixir a política municipal desde hai 44 anos, como alcalde, concelleiro ou asesor tamén, facendo un Oleiros distinto para orgullo do pobo ratificado cada mandato pola cidadanía e para envexa dos que residen fóra do concello; un concello fermoso que hai que cuidar e para elo hai que xestionar os recursos.

Tamén criticou a denegación das axudas solicitadas á UE para a execución do proxecto da senda do río de Nós e a reforma do Mercado Municipal de Perillo, pois deberían de preguntarlle ós últimos tres Delegados de Goberno do PSOE; primeiro Besteiro, próximo candidato a presidir a Xunta de Galicia, e logo os outros dous, porque defendían un proxecto medioambiental único, no que houbo que expropiar 4 quilómetros de terreo, insiste que para levar a cabo un proxecto ambicioso que une as Parroquias de Nós e Iñás para que se poida tansitar de xeito peonil seguro e non pola N-VI, pois para ese proxecto o PSOE de Madrid denegou a axuda sen argumento de ningún tipo e no que atinxe á axuda para a reforma do Mercado Municipal, máis do mesmo.

Sobre os salarios do goberno municipal, non sabe o concelleiro do grupo "Socialista" que o dixo si se refire ó salario que cobrou él no anterior mandato no Concello da Coruña de 62.000 € como persoal de emprego do goberno socialista, desde logo en Oleiros ninguén do persoal de emprego cobra 62.000 €, cre que o que máis cobra aquí é de 35.000 €, existe unha consignación de 40.000 €/ano para un técnico que aínda non está contratado; insiste en que o goberno municipal de Oleiros cobra o salario que sinala o goberno da nación e se o soben, tamén se sobe o salario dos membros do goberno, porque a vida sobe para todo o mundo, non só para os funcionarios públicos e non cre que ninguén do PSOE renuncie a unha subida do seu salario no Estado, ningún deles, está convencido.

Volvendo á crítica da construción do auditorio, dicir que vai tratar dun espazo adicado á promoción da cultura, dos deportes, da música, pretenden contar cun marco que permita todo isto e cando haxa un evento importante non





CONCELLO DE
OLEIROS

teñan porque se ir á Coruña, a veciñanza de Oleiros non ter porque ir para estes eventos á cidade, para poder desenvolver todo tipo de festivais, uns con pagamento de taxas outros non; para todo tipo de actividades culturais de ámbito nacional, que agora non se poden desenvolver porque non existe o marco necesario para facelas.

O representante do BNG aludía a qué entidades se xuntara o outro día para tratar o asunto do orzamento e a esa pregunta ten que lle responder que ás entidades que teñen contacto permanente e diario cos pobos, entidades cidadás ou asociacións veciñais, entidades que absorven as peticións e denuncias diariamente da veciñanza e ás que se citou para explicarlles o documento orzamentario, nada novo porque se ven facendo desde que goberna a Alternativa dos Veciños desde hai 44 anos e quere transmitirlle ó voceiro do BNG que non reciben leccións de ninguén, non existía o BNG e eles xa facían este traballo coas entidades, polo que copien que é bo facelo dos que o fan ben e dicíao onte nun acto onde se lle entregou un premio a un empresario do Partido Popular, que foi alcalde de Arteixo, un bo empresario que empezou da nada despois de chegar da emigración, foi capaz de construír unha empresa que a día de hoxe factura 600 millóns de euros e non lle doen prendas en recoñecelo cando é verdade e iso é o que debe facerse en política, valorar ás veces ó que está enfronte cando o merecen.

Criticou tamén que os concellos teñan que asumir competencias da Xunta de Galicia e a iso tamén quere dicirlle que parte de culpa tena tanto o BNG coma o PSOE por non denunciálo continuamente no Parlamento de Galicia este atropello que implica que os concellos teñan que soportar gastos que debe asumir a institución autonómica, como manter as residencias de maiores ou das escolas infantís cun 30% cada un, de manter os edificios que as albergan e edificios escolares, dos que tamén se teñen que facer cargo do seu mantemento e reformas e levan anos facéndoas en Oleiros, acaban de dotar ó Colexio Valle-Inclán dunha infraestrutura que estaba totalmente deteriorada, como é o parque infantil ou a mellora das pistas de xogo, isto deberíao de facer a Xunta de Galicia pero non o fan, tamén rematar o aula que esta enriba do edificio rosa, que tampouco fan, polo que convida ós grupos políticos da oposición a que o demanden no Parlamento de Galicia, ou mesmo tramén na FEGAMP que vai celebrar unha asemblea en breve, pero ó único que irán será como sempre a copar cargos dentro da dirección para logo vexetar durante catro anos sen defender ós concellos.

No que atinxe ó exposto tamén do endebedamento, Oleiros non ten débedas, ten un prestamo coa Deputación provincial do que non teñen que pagar ningún tipo de interese e agora plantéxase un hipotético prestamo para levar adiante os investimentos, pero que non vai ser necesario ó final porque Oleiros ten recursos, como o urbanismo e o seu desenvolvemento e contan co aproveitamento das urbanizacións que teñen que ceder ó concello e aínda queda camiño neste eido por percorrer, Oleiros ten un tope duns 50.000 habitantes e como neste intre hai 38.000 aínda queda por desenvolver e polo tanto, ingresos procedentes do urbanismo dependendo claro está de quen governe, se é Alternativa por suposto que os haberá, se xestionan outros no futuro quédalle a duda. Finalmente, a respecto das cuestións postas de manifesto polo representante do BNG parece como se quixera ler o seu programa electoral e xa contestou moitas das plantexadas e as outras están no propio documento orzamentario que se achega para a súa aprobación.





CONCELLO DE
OLEIROS

Intervén o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Jaime Núñez**, sinalando que tendo en conta as respostas dadas polo alcalde, ten que salientar que saben que sobiron varias partidas orzamentarias pero na súa exposición deu conta dunha proposta de emenda dalgunhas partidas, como é o caso da proposta para a Policía Local, tendo en conta a grave problemática que houbo durante a tempada de verán, coa carga de traballo que teñen, a marcha de máis axentes a outros concellos por tema salarial ou mesmo, falla de recursos, etc e dí que non os valoran e non é así, o que parece é que o alcalde non os valora a eles porque lles mandan o orzamento sen darlle tempo para facer unha análise pormenorizada das súas partidas, polo que solicitan que esas emendas se voten porque...

Contéstanlle tanto o alcalde, D. **Ángel García**, coma a voceira do goberno municipal, D^a **M^a José Varela**, apuntándolle que deben clarexarse porque presentaron por rexistro unha emenda á totalidade do documento orzamentario e agora é contradictorio que presenten unhas emendas parciais.

Intervén o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, sinalando que tiña a intención de felicitar ó alcalde polo seu ton construtivo na primeira parte da súa intervención, cunha certa moderación que botaba en falla neste pleno, pero como sempre a cabra tira ó monte e na segunda parte xa volve a aflorar a súa verdadeira figura.

No que respecta á denominación de “fontanero” non sabe se o fai en ton despectivo ou peiorativo, pero a isto ten que lle dicir que na súa vida laboral como traballador do ensino ten dado clase a moitos fontaneiros, sobre todo para reciclalos para temas de aerotermias, xeotermias e bombas de calor de última tecnoloxía e a verdade é que como fontaneiros vaille bastante ben, teñen o seu teléfono e moitas veces seguen a chamalo para comentar diferentes cuestións, e moitas empresas do tecido produtivo da comarca, porque ó fin e ó cabo é o que se adican, a formar a xente para que mellore as cousas, o seu entorno e o tecido produtivo con xente ben formada a través da formación profesional, que foi o que fixo él hai moitos anos, fixo formación profesional e con 18 anos foise traballar a Barcelona, ten máis de trinta anos de experiencia, fixo unha enxeñería técnica industrial e unha licenciatura en dereito mentres traballaba, aprobou catro oposición e non debe nada a ninguén na política, é certo que tivo un salario moi ben remunerado en base tamén a súa responsabilidade e xa dixo noutra ocasión neste pleno, que esa responsabilidade concretábase na xestión duns 50 millóns de euros de orzamento, é dicir, superior ó que xestiona todo o goberno municipal composto por doce membros, o alcalde e sete asesores que o acompañan que nomea a dedo e que entre todos cobran entre todos máis de 800.000 €, agora máis porque soben o 2,5% e seguen á espera de que lle digan que norma obriga á subida salarial dos membros do goberno municipal, porque é de obriga facelo ós funcionarios e traballadores públicos pero non ós cargos políticos, ¿Queren facelo? De acordo, porque a lei permite, non obriga.

De tódolos xeitos, quere dicirle ó alcalde que o orzamento que xestionaba a dirección técnico-política que dirixía era de preto de 50 millóns de euros e lóxicamente ese nivel de responsabilidade implica unha remuneración económica acorde.

O tema das subvencións deficientemente tramitadas, que si llas prometeu Besteiro, logo outros Delegados do Goberno, ninguén pode prometerlle que se presenta un proxecto que non acada os mínimos de puntuación reciba a subvención, e están aí as resolucións e as causas denegatorias. Por outra banda, segue acusándoos de que non





estudan os asuntos plenarios e se cadra é o alcalde quen non le as resolucións nas que se priva ós e ás oleirenses de poder contar con subvencións por máis de 2,5 millóns de euros que agora, no caso do Mercado Municipal de Perillo está en 'standbye' porque non se sabe en que estado se atopa, pero no caso da senda de Iñás Nós está executándose e librándose certificacións de pago da súa execución e insiste en que se perderon 2,2 millóns de euros, parécelle, no expediente desa subvención solicitada e a valoración de cero puntos en calidade nin Besteiro, Javier Losada ou outro Delegado do Goberno que veña pode dicirlle que lle darán a subvención, porque sería prevaricar. Outro tanto para o proxecto presentado do Mercado Municipal de Perillo, no que se solicitou unha axuda para mellora enerxética e non se acredita debidamente a redución do 30% do aforro enerxético, consta tamén na resolución pública da mesma e xa lles dixo noutra ocasión que se prestaba a axudarlles co seu coñecemento, moito ou pouco, nesta materia enerxética para axudarlles na tramitación, que no seu intre negou o alcalde pero segue a manter ese ofrecemento desinteresado.

E volvendo o tema da aprobación deste orzamento; botan de menos o que xa dixeron na campaña electoral, darlle un aire novo e parece que o run run que existe na rúa de que están máis preocupados no xogo de tronos sucesorio que no día a día; insisten en que é un proxecto esgotado, despois de moitos anos e hai tamén anos que Oleiros deixou de estar ben xestionado, apostan por un Oleiros que medre pero mantendo un equilibrio entre o número de novas construcións e o mantemento dos servizos que prestar á cidadanía e iso actualmente non se está a dar e a desculpa de que cada vez que existe un exceso de chuvia entre un problema de carga a instalación de saneamento de calquera concello é unha falacia, o problema é que se un concello medra a semellante velocidade e non se adecúa a súa rede, existe unha cuestión que se chama 'factor de simultaneidade' que se xunta absolutamente todo e non dá abasto, existen uns manuais de execución que llos pode pasar para a súa consulta.

Tampouco existen medidas para rematar co urbanismo excluínte, polo que os seus fillos e fillas non van poder seguir a vivir en Oleiros, non hai propostas para fomentar a cohesión social e a equidade máis aló de facer un corta e pega dos anos anteriores; non existe tampouco nada para aplicar a progresividade, tanto que lle gusta falar de que é un revolucionario, no eido da fiscalidade; non existen tampouco medidas polo cambio na economía social ¿Onde está a aposta polo pequeno comercio ou pola industria?. Certo é que existen concellos ó carón que teñen industria, man de obra de cidadáns de Oleiros que teñen que se desprazar alí porque aquí non hai postos de traballo e córrese o risco de converterse nun concello cunha renda per cápita máis alta, haberá que ver que acontece no futuro, e chegar a ser un concello dormitorio porque a xente ten que se desprazar a outros concellos ante a falla de oportunidades no propio.

Paradigmático resulta o dos xóvenes que criados en Oleiros téñense que marchar a outros concellos ante a carencia de vivenda, nin de aluguer nin capacidade adquisitiva como para podela mercar. Tampouco existe unha partida adicada a orzamentos participativos que é algo que nestes tempos se houbese un mínimo de renovación debería existir; tampouco existe un proxecto de continuidade das vías ciclistas que seguen sen ter identidade e coherencia; nada para o fomento da modalidade eléctrica, nin tampouco unha aposta de futuro polo transporte colectivo compartido e de aí consideran e botan en falla uns orzamentos que deberían ser moito máis ambiciosos, porque o concello ten capacidade, falla liderazgo, capacidade de timón e dun rumbo claro, máis alá do que antes xa dixo





CONCELLO DE
OLEIROS

dunhas chanzas por aquí e outras por alá, un xogo de tronos porque pode ser que o alcalde retírese, dí que sí dí que non, e a xente tena preocupada noutras teimas e non na xestión do día a día que é para o que os puxo aquí a cidadanía de Oleiros e nomeadamente ó goberno municipal, a eles os puxeron para fiscalizar.

Intervén o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, manifestando que en canto ó tema da participación cidadá e do tecido asociativo queren coñecer que propostas achegaron, con luz e taquígrafos e que haxa actas, non cre que exista ningún problema en que os grupos políticos da oposición tamén participen dese proceso.

O seu grupo quere ter a posibilidade de facer achegas ó orzamento e o que denotan é un goberno municipal que cada vez fai máis ouvidos xordos a esta cuesión, a súa preocupación é que lles escoiten e colaborar que para iso viñeron, a iso referíase co tema das actas.

En canto a que fixeron xa un proceso participativo antes da creación do BNG, non descubriron a roda nin o lume, o nacionalismo galego existe desde o século XIX, XX, e estivo tamén moi presente na Candidatura da Veciñanza e na Alternativa da Veciñanza como ven sabe o alcalde.

Noutros concellos onde gobernan cre que o fan mellor que o goberno municipal, e ó fío do que falou antes do SAF en Carballo, por poñer un exemplo, é un servizo público, en Oleiros é privado. En canto ó aludido polo alcalde de lectura do programa electoral do BNG, dicirlle que só quería referirse ó que falta por facer e pasan os anos e segue sen facerse, polo que pasará outro e seguirano a reclamar, o que sí detentan é un certo día da marmota e parece que seguirá, de aí que dixera na súa primeira quenda de intervención que era un orzamento continuista, para o bo pero tamén para o malo.

No dito tamén dos recursos impropios, xa se verá cando exista un goberno liderado polo BNG porque de non ser así, seguro que non se producirán grandes cambios.

Contesta o alcalde, D. **Ángel García**, insistindo en que cando falaren dun Capítulo de investimentos parece que se centran só na construción do auditorio, pero parece que se esquecen das obras de urbanización no SUD-2 en Mera, é dicir, unha nova urbanización a abordar nesta localidade; melloras no pavimento en diversos camiños; Rúa da Rula; Rúa do Pardiño; tramo de Castro de Xaz; Rúa As Atochas; Rúa Castro do Souto; ampliación da Rúa Romeu, Rúa do Niños; Rúa do Piñeiro; Rúa da Brea; Rúa da Barcala; Rúa Aspavadana e Fornos, estes camiños e rúas vanse restaurar e arranxar, en tódalas zonas do concello.

Mellora de beirarrúas en diferentes zonas, Rúa Bartolomé de las Casas e A Gándara, en Nós; Urbanización Cavaamontes, en Perillo; Rúas Zaire e Namibia, que están deterioradas; Rúa do Regacho, en Maianca; Rúa Caracola, en Canide; Rúas Humboldt e Linneo, en Sta. Cristina e Avda. Ernesto Che Guevara; beirarrúas e andés para ciclistas. Mellora da rede de sumidoiro, das que tanto falaren aquí hoxe, na rotonda das Pedreiras, en Oleiros, na conexión entre Nós e Oleiros; Rúa Benito Vicedo; Rúa do Faro; Rúa Bonete; Paseo da Lagoa de Mera; Rúa Xuncal, Rúa Manuel Pardo de Andrade; Rúas dos Sauces; Rúa dos Álamos; Rúa de Saltoxo e A Fraga; Río Seixo; Rúa da Poza; O Batán; O Valiño; Rúa Areal ata a Rúa da Barreira, investimentos para mellorar o saneamento desas zonas.





CONCELLO DE
OLEIROS

Mellora da rede do abastecemento de augas, Depósito da Edreira, mellora na Avda. Salvador Allende, entre a Rúa Pilar Estévez Diéguez e Regueiro Oscuro; Avda. Francisca Herrera; Quinta Canaima, rotonda da Pezoca; Avda. Rosalía Castro; rotonda das Pedreiras; Casares Quiroga.

Mellora na eficiencia enerxética no alumado público, unha aportación dun 20% porque o 80% restante apórtao a Unión Europea, cunha mellora de máis de 3.000 puntos de luz; mellora en parques e xardíns, Parque Ibarrola; Parque da Constitución; Parques Infantís, entre outros o da Rúa Areal; o Parque das 13 Rosas, que se vai mellorar; remodelación de instalacións deportivas, construción de graderío con cuberta no Campo de Fútbol de Montrove; mellora da eficiencia enerxética nos edificios públicos municipais, Pavillóns Valle-Inclán e Arsenio Iglesias; Casa do Pobo de Dorneda; Biblioteca Rialeda; Escola Infantil A Pardela; accesos ó Castelo de Sta. Cruz, que os tiña que arranxar Costas do goberno central; Cemiterio municipal de Liáns, todas estas actuacións son as que se van levar a cabo, polo que os cartos invístense nas cuestións que realmente fan falla e non nacen todas estas actuacións por xeración espontánea, senón que hai que velo ó longo do termo municipal, escoitar á veciñanza e cando falan da participación, dicirlles que diariamente chegan correos da veciñanza demandando melloras na zona onde residen e o goberno municipal xúntase habitualmente con entidades veciñas do concello, en tódalas localidades.

Con isto o que quere dicir é que o goberno municipal está a pé de rúa escoitando ás persoas as súas demandas e iso é o que sabe facer tamén a Alternativa dos Veciños e de aí que os voten.

Tamén, polo grupo municipal “Popular” presentaron unha serie de emendas pero é que se presentan unha emenda a través do rexistro municipal á totalidade, evidentemente non deberían caber emendas parciais.

No que respecta ó que remata de dicir o concelleiro do grupo “Socialista” segue a facer demagoxía, porque sabe ben que cando falou de fontaneiros é consciente de que é unha denominación popular como se coñece ós empregados políticos nomeados polos gobernos, non falou despectivamente dos fontaneiros, de feito un irmán dél é fontaneiro e él mesmo tamén traballou de fontaneiro calefactor...

Neste intre prodúcese debate entre o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, e o alcalde, D. **Ángel García**, no que o primeiro solicita que o respecte e o segundo insiste en que é un demagogo.

Segue coa súa intervención o alcalde, D. **Ángel García**, insistindo en que non se pode facer demagoxía neste aspecto porque o alcalde forma parte da clase traballadora e leva 52 anos cotizando á seguridade social, empezou como becario na SEAT, mariscador, músico, traballando ás veces en dúas cousas diferentes ó día, lamentablemente como teñen que facer algúns rapazes a día de hoxe.

Aludiron tamén que existe moita preocupación en canto ó tema sucesorio, pero os que parecen estar preocupados son os grupos da oposición, pero tenlles que dicir que téñeno complicado porque hai capitán de barco, barco, rumbo e tripulación, polo que un barco con bo capitán, cunha boa brúxula e unha boa tripulación sempre chegará a porto e niso están, polo que seguirán a traballar por Oleiros para que non cambie, porque como o faga non sabe que o acontecerá.

Sobre o dito de que crearon un concello dormitorio, ten que lle dicir que non é así, Oleiros é un concello para vivir e so fai falla pasar polas rúas, núcleos ou paseos e darse conta da presenza de multitude de persoas que están e





as que queren vir para este concello, de feito o outro día falando cunha rapaza nova no municipio amosoulle a súa felicitación porque contáballe que vivía en Perillo, que deixou a súa crianza na escola infantil, foi á piscina e agora ía á biblioteca, todo a carón e iso só pasa en poucos concellos, Oleiros é un deles.

Rematada a quenda de intervencións, o alcalde pasa de seguido á votación da emenda presentada por rexistro xeral do grupo municipal “Popular” á totalidade do documento orzamentario.

Votación da emenda á totalidade do documento orzamentario

Pasándose á votación da emenda presentada polo grupo municipal “Popular”, acádase o resultado de **cinco (05) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”); **tres (03) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista” e unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *rexeita a emenda presentada polo grupo municipal “Popular”* á totalidade do documento orzamentario.

Neste intre intervén a voceira do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”, D^a **M^a José Varela**, sinalando que procede logo votar as emendas presentadas ‘in voce’ polo grupo municipal “Popular”, pasando o alcalde, D. **Ángel García**, á votación das emendas sinaladas:

Votación da 1ª emenda de incremento de partidas de persoal para a Policía Local

Pasándose á votación da emenda presentada polo grupo municipal “Popular”, acádase o resultado de **cinco (05) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”); **dúas (02) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista”) e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **catorce (14) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *rexeita a 1ª emenda presentada polo grupo municipal “Popular”* sobre incremento da partida de persoal para a Policía Local.

Votación da 2ª emenda de incremento da partida para reposición da rede de sumidoiros

Pasándose á votación da emenda presentada polo grupo municipal “Popular”, acádase o resultado de **cinco (05) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”); **tres (03) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista” e unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *rexeita a 2ª emenda presentada polo grupo municipal “Popular”* sobre incremento da partida de reposición da rede de sumidoiros.

Votación da 3ª emenda de incremento da partida para reposición da rede de abastecemento de auga potable

Pasándose á votación da emenda presentada polo grupo municipal “Popular”, acádase o resultado de **cinco (05) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”); **tres (03) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista” e unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).





En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *rexeita a 3ª emenda presentada polo grupo municipal "Popular"* sobre incremento da partida de reposición da infraestrutura de abastecemento a domicilio de auga potable.

Votación da 4ª emenda de incremento da partida para reposición e mellora do alumeado público

Pasándose á votación da emenda presentada polo grupo municipal "Popular", acádase o resultado de **cinco (05) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal "Popular"); **tres (03) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal "Socialista" e unha (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *rexeita a 4ª emenda presentada polo grupo municipal "Popular"* sobre incremento da partida de reposición e mellora do alumeado público.

Votación da 5ª emenda de incremento da partida de asistencia social, produtos alimenticios

Pasándose á votación da emenda presentada polo grupo municipal "Popular", acádase o resultado de **cinco (05) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal "Popular"); **tres (03) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal "Socialista" e unha (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños").

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *rexeita a 5ª emenda presentada polo grupo municipal "Popular"* sobre incremento da partida de asistencia social, produtos alimenticios.

Votación da 6ª emenda de incremento da partida de asistencia social, comedores escolares

Pasándose á votación da emenda presentada polo grupo municipal "Popular", acádase o resultado de **cinco (05) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal "Popular"); **dúas (02) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal "Socialista") e un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG) e **catorce (14) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *rexeita a 6ª emenda presentada polo grupo municipal "Popular"* sobre incremento da partida de asistencia social, comedores escolares.

Votación da 7ª emenda de incremento da partida de festas populares

Pasándose á votación da emenda presentada polo grupo municipal "Popular", acádase o resultado de **cinco (05) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal "Popular"); **dúas (02) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal "Socialista") e un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG) e **catorce (14) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de "Alternativa dos Veciños" e un (01) do grupo municipal "Mixto"-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *rexeita a 7ª emenda presentada polo grupo municipal "Popular"* sobre incremento da partida de festas populares.

Votación da 8ª emenda de incremento das partidas para mantemento de pavillóns e campos deportivos

Pasándose á votación da emenda presentada polo grupo municipal "Popular", acádase o resultado de **cinco (05) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal "Popular"); **tres (03) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal





CONCELLO DE
OLEIROS

“Socialista” e unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *rexeita a 8ª emenda presentada polo grupo municipal “Popular”* sobre incremento das partidas para mantemento de pavillóns e campos deportivos.

Votación da 9ª emenda de incremento das partidas do programa “comercio”

Pasándose á votación da emenda presentada polo grupo municipal “Popular”, acádase o resultado de **cinco (05) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”); **tres (03) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista” e unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *rexeita a 9ª emenda presentada polo grupo municipal “Popular”* sobre incremento das partidas do programa “comercio”.

Votación da 10ª emenda de habilitación de partida orzamentaria para dotar ás oficinas dos grupos políticos municipais de medios suficientes para a realización das súas funcións

Pasándose á votación da emenda presentada polo grupo municipal “Popular”, acádase o resultado de **oito (08) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dúas (02) do grupo municipal “Socialista” e unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *rexeita a 10ª emenda presentada polo grupo municipal “Popular”* sobre habilitación de partida orzamentaria para dotar ás oficinas dos grupos políticos municipais de medios suficientes para a realización das súas funcións.

Votación da 11ª emenda de habilitación de partida para revisión de todo o arborado municipal

Pasándose á votación da emenda presentada polo grupo municipal “Popular”, acádase o resultado de **cinco (05) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”); **tres (03) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista” e unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *rexeita a 11ª emenda presentada polo grupo municipal “Popular”* sobre habilitación de partida orzamentaria para revisión de todo o arborado municipal.

Votación da 12ª emenda de habilitación de partida para execución da remodelación do mercado municipal

Pasándose á votación da emenda presentada polo grupo municipal “Popular”, acádase o resultado de **cinco (05) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”); **dúas (02) abstencións** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista”) e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **catorce (14) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación *rexeita a 12ª emenda presentada polo grupo municipal “Popular”* para execución da remodelación do mercado municipal.





CONCELLO DE
OLEIROS

Sen máis, da orde do alcalde pásase á votación da aprobación, se procede, do documento orzamentario para 2023.

Votación

Pasándose á votación da proposta ditaminada na comisión informativa de ‘asuntos de competencia plenaria’ que tivo lugar o pasado 23 de outubro de 2023, acadándose o resultado de **trece (13) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”); **unha (01) abstención** (unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **sete (07) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular” e dous (02) do grupo municipal “Socialista”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación adopta o acordo seguinte:

“Ángel García Seoane, alcalde do Concello de Oleiros, propoño ao Pleno da Corporación que, previo o ditame da Comisión informativa que corresponda, adopte o seguinte acordo:

1.- Pola alcaldía da Corporación se teñen redactados os orzamentos xerais da Corporación municipal para o exercicio do 2024, en cumprimento do que dispón o artigo 168 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais (TRLRFL).

2.- Procede polo tanto aprobar de xeito inicial os orzamentos xerais de acordo co que dispón o artigo 168 do TRLRFL citado.

Por todo o exposto, e en uso das facultades que lle outorgan as normas en vigor, propoño ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte

ACORDO:

Primeiro.- Aprobar de xeito inicial o orzamento xeral do Concello de Oleiros para o exercicio do 2024, as bases de execución e o respectivo cadro de persoal, así como o resto dos documentos anexos, que ten o seguinte resumo por capítulos:

Estado de gastos			Estado de ingresos		
Cap.	Descrición	Total	Cap.	Descrición	Total
1	Gastos de persoal	12.279.860,00 €	1	Impostos directos	12.084.000,00 €
2	Gastos en bens correntes e servizos	14.844.640,00 €	2	Impostos indirectos	1.400.000,00 €
3	Gastos financeiros	56.780,00 €	3	Taxas e outros ingresos	4.748.126,88 €
4	Transferencias correntes	1.515.730,00 €	4	Transferencias correntes	12.980.078,00 €
5	Fondo de Continxencia	350.000,00 €	5	Ingresos patrimoniais	449.500,00 €
Total operacións correntes		29.047.010,00 €	Total operacións correntes		31.661.704,88 €
6	Investimentos reais	14.658.675,00 €	6	Alleamento de investimentos reais	0,00 €
7	Transferencias capital	30.000,00 €	7	Transferencias de capital	967.438,05 €
8	Activos financeiros	36.000,00 €	8	Activos financeiros	36.000,00 €
9	Pasivos financeiros	38.315,00 €	9	Pasivos financeiros	11.144.857,07 €
Total operacións de capital		14.762.990,00 €	Total operacións de capital		12.148.295,12 €
TOTAL XERAL		43.810.000,00 €	TOTAL XERAL		43.810.000,00 €

Segundo.- Dispoñer a apertura dun período de información pública de quince (15) días hábiles, mediante a publicación dun edicto no BOP, de acordo co disposto polo artigo 169 do Real decreto legislativo 2/2004, do 5 de marzo, que aproba o texto refundido da Lei reguladora das Facendas Locais, para que se poidan presentar reclamacións.





CONCELLO DE
OLEIROS

Terceiro.- No caso de que transcorra o prazo citado sen que se presenten reclamacións, o orzamento quedará aprobado de xeito definitivo e se disporá a publicación do resumo por capítulos nos termos previstos polo artigo 169.3 do Real decreto legislativo 2/2004, e se remitirá copia á Administración xeral do Estado e á Xunta de Galicia.”

Punto 6.- Dar conta dos decretos da alcaldía e dos e das concelleiras delegadas, desde o nº 2023004566 ata o nº 2023005260 (ambos incluídos)

Todas as concelleiras e concelleiros asistentes a esta sesión plenaria *toman coñecemento* dos Decretos da Alcaldía, desde o nº 2023004566 ata o nº 2023005260 (ámbolos dous incluídos).

Punto 7.- Mocións, rogos e preguntas

- **mocións**

Antes de proceder ó tratamento das mocións presentadas a voceira do grupo municipal “Sociaista”, D^a **Carmen Acuña**, solicita poder expoñer unha declaración institucional relativa ó día 15 de outubro, día internacional das mulleres rurais.

Contéstalle tanto o alcalde, D. **Ángel García**, coma a voceira do goberno municipal, D^a **M^a José Varela**, que non procede neste intre tratar ningunha declaración institucional, dado que se está na quenda adicada ás mocións e tamén porque para ter a denominación de declaración institucional debería contar co acordo de todo o pleno da corporación e iso non se tratou.

Intervén a voceira do grupo municipal “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que o seu grupo ten dúas mocións para tratar, unha presentada por rexistro e a outra que tiñan a intención de lela como manifesto.

7.1.- Moción do grupo municipal “Popular” con motivo da interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra a Lei de Ordenación Integrada do Litoral, aprobada polo Parlamento de Galicia

Procede a dar lectura ó texto da moción do grupo “Popular” a súa voceira, D^a **M^a Dolores Silva**:

“O pasado 10 de outubro o goberno central en funcións anunciou a interposición dun recurso de inconstitucionalidade contra Lei de Ordenación Integrada do Litoral, aprobada polo Parlamento de Galicia o pasado 4 de xullo.

Deste xeito, o executivo de Pedro Sánchez desbota calquera liña de diálogo coa comunidade autónoma de Galicia e pon en cuestión unha lei que respecta escrupulosamente a constitución española e as competencias nela establecidas.

O noso Estatuto de Autonomía recoñece no seu art. 27 que a comunidade autónoma de Galicia ten competencia exclusiva en materia de ordenación do litoral e que dita exclusividade corresponde ao Parlamento de Galicia ditar as leis nesa materia e á Xunta de Galicia aprobar os regulamentos e exercer a función executiva.

Tamén a Lei de Costas do Estado, no seu art. 114 ven recoñecer que as comunidades autónomas exercerán as competencias que en materia de ordenación territorial e do litoral teñan atribuídas en virtude dos seus Estatutos.

Tamén o Tribunal Constitucional veu establecer que a titularidade estatal do dominio non é un criterio de atribución de competencias e que non pode excluír que as comunidades autónomas exerzans as súas lexítimas competencias.

Ademias, o Tribunal Constitucional ven recoñecer que nas comunidades autónomas con competencias exclusivas en materia de ordenación do litoral a facultade de outorgar títulos de ocupación do litoral intégrase na competencias máis ampla de ordenación do litoral como función executiva.





CONCELLO DE OLEIROS

A todo isto súmase o ditame emitido polo Consello Consultivo de Galicia, no que tras analizar as sentenzas do Tribunal Constitucional nesta materia, conclúe que Galicia ten potestades normativas para ordenar o seu litoral mediante lei e para outorgar os títulos de ocupación do litoral, faltando só o traspaso de medios e servizos para o seu exercicio efectivo.

Tendo en conta a opinión do consultivo e todos os intentos realizados por parte do goberno central co obxectivo de interferir na xestión do dominio público marítimo-terrestre e de impulsar cambios normativos para expulsar todo vestixio humano no noso litoral galego, a Xunta tomou a decisión de impulsar a redacción da primeira Lei de Ordenación do Litoral de Galicia, que finalmente foi aprobada polo Parlamento de Galicia por tódolos grupos parlamentarios.

Ao que debe engadirse que o goberno central non quixo sentarse coa comunidade autónoma para chegar a un acordo, senón que o que fixo foi acudir o máis pronto posible a un recurso de inconstitucionalidade para poder exercer o privilexio estatal de suspender unha lei autonómica.

Desde o grupo “Popular” considérase imprescindible que Galicia non sexa tratada como unha comunidade de segunda e que poida regular a súa costa para protexela máis e mellor.

De feito, a suspensión da lei supón a paralización das concesións no litoral e dos sistemas de depuración de augas, poñendo en risco a viabilidade de preto de 4.000 edificacións e de centos de empresas que operan na costa, así como prexudicar directamente a millón e medio de galegos que viven do noso litoral.

Por todo o exposto e a nte a relevación desta cuestión para Galicia, propónse o seguinte acordo:

- O Concello de Oleiros amosa o seu rexeitamento ante o recurso de inconstitucionalidade presentado contra a Lei de Ordenación e Xestión Integrada do Litoral e insta ó goberno central a reconsiderar a súa decisión, sentándose a negociar coa comunidade autónoma de Galicia unha lei que se fundamenta nas lexísimas competencias exclusivas que á nosa comunidade lle recoñece o seu Estatuto.”

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **cinco (05) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”); **tres (03) abstención** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista” e unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* tratar a moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

7.2.- Moción do grupo municipal “Popular” sobre a situación de Palestina

Procede a dar lectura ó texto da moción do grupo “Popular” o concelleiro, D. **Antonio Corredoira**:

“O Partido Popular condea os atentados terroristas perpetrados por Hamás o pasado 7 de outubro, con 1.400 mortos e máis de 200 reféns que provocou este novo episodio de guerra.

Recoñecen o dereito de defensa do Estado de Israel pero condenan todo exceso e infracción do dereito internacional humanitario exixindo que Israel cumpra coas resolucións de Nacións Unidas. Exixien que ambas partes protexan á poboación civil, a liberación inmediata de tódolos reféns e que se permita da distribución da axuda humanitaria.

O grupo municipal “Popular” condena tódolos bombardeos e invasións dos territorios soberanos, lamentan que o grupo “Alternativa dos Veciños” non condene os actos do grupos terrista de Hamás, nin outras invasións como a de Rusia a Georgia ou Ucraína, por iso propoñen ó concello adoptar o acordo seguinte:

- 1.- Condenar o terrorismo de Hamás.
- 2.- Condenar as infraccións do dereito internacional humanitario por parte de Hamás e Israel.





CONCELLO DE
OLEIROS

3.- Exixir a protección do pobo Palestino, a liberación dos reféns e o reparto da axuda humanitaria.”

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **cinco (05) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”); **dúas (02) abstención** (dúas (02) do grupo municipal “Socialista”) e **catorce (14) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* tratar a moción presentada polo grupo municipal “Popular”.

7.3.- Moción do grupo municipal “Socialista” en relación ó día 15 de outubro, día internacional das mulleres rurais

Procede a dar lectura ó texto da moción do grupo “Socialista” a súa voceira, D^a **M^a Carmen Acuña**, que se transcribe no acordo acadado.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade da corporación, é dicir, por **vinte e un (21) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”; trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *tratar* a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

Da orde do alcalde intervén en primeiro lugar a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, sinalando que están de acordo coa mellora da situación da muller e a igualdade, tanto no medio rural coma no medio urbano. Cabe dicir que Galicia foi desde sempre unha sociedade matriarcal onde se destaca o papel fundamental da muller e, sobre todo no medio rural, onde tiñan que facer ós seus labores e ademais levaban as explotacións, como segue a acontecer a día de hoxe, polo tanto o seu grupo votará favorablemente á proposta presentada.

Remata a quenda de intervencións o alcalde, D. Ángel García, sinalando que o goberno municipal de “Alternativa dos Veciños” están tamén de acordo coa mesma e sinala que se proceda á votación da mesma.

Votación da moción

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción, acadándose o resultado da unanimidade da corporación, é dicir, por **vinte e un (21) votos a favor** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”; trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación aproba a moción presentada polo grupo municipal “Socialista” que se transcribe:

“O Día Internacional da Muller Rural permítenos recoñecer a contribucións das mulleres no mundo rural.





O futuro do mundo rural depende das oportunidades de emprego e dos plans de vida que alía topen as mulleres. As oportunidades para as mulleres no mundo rural son a clave do futuro do noso país.

Non é posible separar a desigualdade de dereitos e oportunidades que sofren as mulleres no rural da problemática do despoboamento destas zonas, que vai acompañada dunha dispersión de recursos e servizos públicos e dunha complexa accesibilidade a eles por parte das mulleres.

A presenza e permanencia da muller é clave para o crecemento e desenvolvemento das zonas rurais. Así mesmo, cómpre salientar o papel de muller no rural en materia de iniciativas emprendedoras porque, en xeral, serven como pulmón innovador necesario para soste e garantir a supervivencia do rural.

Proporcionar as capacidades e recursos necesarios para que as mulleres poidan desempeñar o seu papel de axentes de cambio e impulso nas transicións ecolóxica e dixital que tanto potencial de transformación teñen no rural, é unha das grandes oportunidades ás que responder para progresar no desenvolvemento sostible.

O papel da muller é fundamental no modelo agrícola familiar e profesional que defendemos dende o PSOE por iso dende o goberno do Estado, e por primeira vez na súa historia, a política agraria común incorporou a perspectiva de xénero, o que permite orientar as súas medidas de forma que contribúa a reducir a fenda de xénero.

Dende o goberno séguese impulsando a efectividade da Lei 35/2011, do 4 de outubro, de titularidade compartida das explotacións agrarias, actualmente hai rexistradas 1.220 explotacións de propiedade compartida, unha cifra que aínda está lonxe de reflectir realmente a responsabilidade das mulleres nas explotacións dos seus cónxuxes, pero que vai medrando.

A igualdade de oportunidades das mulleres rurais exige dar resposta á sobrecarga de traballo invisible que asumen as mulleres en materia de traballo na agricultura, na gandería ou na pesca, ademais das tarefas domésticas e de coidados, que deben asumir en moitos casos pola falla de recursos públicos.

Por outra banda, aínda que a violencia de xénero é, por desgraza, unha realidade cotiá no medio rural e urbano, no medio rural presenta características propias que aumentan a vulnerabilidade das mulleres, como é a dispersión, a falla de recursos, a invisibilidade da violencia, a falla de anonimato das mulleres vítimas e o illamento.

Por iso por medio desta moción queremos comprometermos a establecer medidas específicas para loitar contra a violencia de xénero nas mulleres que viven nas zonas máis rurais do Concello de Oleiros, garantindo o acceso destas mulleres ós recursos e dispositivos de axudas e protección.

E garantir o apoio do concello ás asociacións de mulleres que traballan pola igualdade e visibilidade das mulleres do rural, para que poidamos así lograr que as mulleres poidan desempeñar plenamente o seu potencial e o seu papel como impulsoras do desenvolvemento e transformación do rural tamén neste concello.”

7.3.- Moción do grupo municipal “Socialista” en relación ó conflito Palestino-Israelí

Expón a moción a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, sinalando antes de tratala que tamén o seu grupo ten presentada en tempo e forma unha moción sobre o conflito Palestino-Israelí e engade que lamentan profundamente que non se houbese chegado a un acordo a respecto deste asunto aquí, que non hai bombas, nin violencia, odio ou vinganza, que ademais están de acordo co plantexamento, no fondo pero non na forma, como se pode esperar que alí se chegue a ese acordo.

Neste inter prodúcese debate entre o alcalde, D. **Ángel García**, quen mostra o seu desacordo en que se volva a tratar un tema que entende suficientemente debatido, porque se deu lectura a un manifesto e se tratou xa outra moción sobre o mesmo asunto, e a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, quen defende que ningún grupo pode censurarlle a posibilidade de expresar a súa opinión respecto de calquera asunto, ó que o alcalde sinalalle que haberá logo que volver a darlle unha vota ó Regulamento Orgánico Municipal (ROM), porque o que non pode ser é que dunha mesma cuestión cada grupo presente a súa proposta.





CONCELLO DE
OLEIROS

De seguido, a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, procede a dar lectura á moción presentada e que se transcribe:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 7 de outubro o grupo terrorista Hamas lanzou un ataque terrorista contra obxectivos civís e militares en Israel. Foi un acto atroz e de consecuencias nefastas xa que aínda que comezou provocando centos de mortes entre os xudeus, a día de hoxe ten provocado xa miles de mortos no territorio de Gaza, pois ese acto terrorista o que ocasionou foi unha intolerable resposta de Israel atacando a poboación civil palestina ca desculpa de defenderse así de Hamas.

Lamentablemente ese acto terrorista veu axitar o grave conflito existente alí dende fai xa demasiados anos e a proporcionalle a Israel, según algúns, unha xustificación para lexitimar unha guerra contra Palestina. Unha guerra inxusta por desigual e que precisa dunha condea rotunda e universal.

Por iso hoxe condenamos rotundamente dende eiquí, unha situación que está provocando a morte indiscriminada de civís especialmente de menores, de mulleres e de anciáns palestinos. Que está provocando unha migración forzosa de homes e mulleres palestinos cara a ningures. Ademáis consideramos intolerables as dificultades que Israel esta poñendo á entrada da axuda humanitaria que espera as portas de Gaza.

Sen esquecer o temor de que todo isto poida traernos un problema de dimensións difíciles de cuantificar, con repercusións en todo Oriente Medio, dado o importante risco de desestabilización da zona.

Dende O grupo Municipal Socialista de Oleiros pensamos que ninguén pode permanecer alieo a esta situación e que cun compromiso firme co problema da comunidade internacional podería facilitarse a busca de solucións, e por iso queremos facernos eco, con esta **MOCIÓN**, do problema e plantexar unha serie de medidas que poderían acercar solucións a ese terrible conflito entre pobos:

- 1.- Condenar enérxicamente os gravísimos ataques terroristas contra o Estado de Israel por parte do grupo terrorista Hamas, así como a resposta dada por Israel a ese atentado iniciando unha guerra indiscriminada contra a poboación civil de Gaza.
- 2.- Mostrar a solidariedade de Oleiros con todas as vítimas de eses actos e cas súas familias.
- 3.- Solicitar o cese inmediato dunha guerra contra a poboación civil Palestina inxusta e desigual.
- 4.- Esixir a liberación inmediata das persoas retidas no marco deste longo conflito.
- 5.- Instar ao Goberno de España e o da Unión Europea a activar todos os mecanismos diplomáticos que estean o seu alcance para evitar una escalada do conflito.
- 6.- Instar as partes a garantir o acceso a atención sanitaria, a axuda humanitaria e a protección dos dereitos da poboación civil.
- 7.- Rexeitar todas as medidas unilaterais que se alonxen da perspectiva da solución dos dous Estados, única resposta as lexítimas aspiracións nacionais de palestinos e israelíes e o elemento clave para a paz e a seguridade na zona.”

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **sete (07) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista” e cinco (05) do grupo municipal “Popular”); **unha (01) abstención** (unha (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* tratar a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.





7.4.- Moción do grupo municipal “Socialista” en relación a poñer en marcha medidas efectivas na loita integral contra o plumacho exixindo un trato igualitario aos oleirenses na xestión do problema

Expón a moción o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, relativa a poñer en marcha medidas efectivas na loita integral contra o plumacho exixindo un trato igualitario aos oleirenses na xestión do problema, aínda que antes de darlle lectura e como non tivo oportunidade de resposta, dicirlle ó alcalde que o de demagogia non ven a conto, son cualificacións fóra de lugar neste pleno ou, polo menos eu o considero así e por iso non as profiro. Respecto a temas salariais...

Neste intre o alcalde, D. **Ángel García**, requírelle ó concelleiro que estaba a intervir que se ciña á moción presentada porque senón vaille retirar a palabra.

De seguido o concelleiro do grupo “Socialista”, D. **Jesús Fernández**, dá lectura ó texto da moción presentada:

“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Grupo Municipal socialista entende que existe un problema e que hai que loitar contra él pero non pode recaer o peso da solución nos particulares xa que non son os responsables do mesmo, polo que presentará unha pregunta e unha moción plantexando medidas para actuar integralmente contra o Plumacho incluído axudas aos particulares.

Numerosos veciños de Oleiros teñen recibido ao longo destes meses unha comunicación tipo do Concello referida á limpeza de fincas nos seguintes termos:

“Requirir a __, para que desbroce e limpe íntegramente a finca da súa propiedade, situada __ (parcela con referencia catastral __), e para que a manteña nas condicións esixidas na fundamentación xurídica da presente resolución, incluíndo a retirada das plantas de Cortadeira Selloana (plumeiros) que poida ter a finca, de ser o caso, o que implicará a eliminación das raíces mediante algún dos procedementos indicados no documento anexo a esta resolución (ou similares). No caso de existir na finca plantas da especie Cortadeira Selloana (herba da Pampa ou plumeiros), a parcela só se considerará limpa se ditos exemplares son ELIMINADOS DE RAÍZ por medios químicos ou mecánicos. Para o cal deberá presentar o xustificante do tratamento empregado”.

A maiores doutras consideracións advirte:

“No caso de incumprimento da orde de execución, a Administración Municipal procederá á súa execución forzosa mediante a imposición de multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros, reiterables trimestralmente ata lograr a execución das obras ordenadas, ou poderá acudir á execución subsidiaria das obras, que se executarán a costa dos propietarios”.

A limpeza das fincas para mantelas nas debidas condicións de hixiene, salubridade, seguridade e limpeza, é unha obriga dos propietarios recollida na Ordenanza xeral de limpeza do Concello de Oleiros, e na Lei do Solo de Galicia, obriga que non está en discusión pola nosa banda. O que xa entra dentro do ámbito do debate é a obriga que se lle traslada aos particulares da eliminación da herba da Pampa da que eles non son os responsables posto que non a plantaron, o Concello obriga a asumir un proceso de eliminación por medios químicos ou mecánicos o que supón un custe e unha problemática de xestión para os titulares das fincas.

Hai consenso entre os especialistas en que a expansión da herba da Pampa viuse acelerada pola construción de infraestruturas tales como carreteras ou grandes movementos de terra para as urbanizacións das que os particulares non son os promotores. Tampoco é o particular o responsable de que nos camiños e estradas das que son titulares ou do Concello, Deputación, Xunta de Galicia ou do Estado, nos seus desbroces, e ao longo de anos, non se seguirán protocolos axeitados para atallar a expansión desta especie invasora.

Polo exposto non consideramos o máis axeitado que o Concello de Oleiros amenace con multas coercitivas de 1.000 a 10.000 euros aos seus veciños sen que presente medidas para facilitar a eliminación da herba da Pampa. Non pode ser que o Concello se lave as mans, ameace pero non facilite, polo que imos presentar de cara ao próximo





CONCELLO DE OLEIROS

Pleno unha pregunta referida ao tema da herba da Pampa e unha moción suxerindo medidas para que o Concello asuma a súa corresponsabilidade na solución do problema.

O Grupo municipal socialista esixe que o Concello predique co exemplo e non pode ser que teña parcelas á venda na súa web municipal espallando semente de herba da Pampa que logo afecta a fincas de particulares aos que esixe coercitivamente a súa eliminación.

Actuacións como a da urbanización de Xaz ou Canide, ubicadas no medio de Oleiros teñen sido o catalizador para o avance da expansión do Plumacho que agora afecta aos particulares, e o Concello non parece ter sido moi riguroso no seguemento das actuacións das promotoras ao xulgar pola cantidade de herba da Pampa que hai na zona. Cos particulares de Oleiros o concello ten unha vara de medir e cos grandes promotores outra.

Nós queremos facer a través desta moción unha serie de propostas de mellora da xestión da herba da Pampa, informando e axudando aos particulares na xestión dun problema que non xeraron eles en vez de “ameazalos”.

Polo que unha vez exposto o anterior solicitamos a adopción dos seguintes ACORDOS:

- 1.- O Concello de Oleiros pondrá en marcha unha campaña de eliminación do Plumacho tanto en terreos públicos como particulares implicándose activamente na súa eliminación.
- 2.- O Concello de Oleiros de cara a próxima licitación do contrato de mantemento de zonas verdes de Oleiros pedirá que se faga un estudo da presenza do Plumacho no Concello, e incorporará medidas para a súa eliminación de xeito exemplar.
- 3.- O Concello de Oleiros incluírá na próxima licitación do contrato de mantemento de zonas verdes de Oleiros, sen cargo para os veciños que o usen, que se habilite un espazo seguro, xestionado pola futura concesionaria, para que se poida entregar o material retirado do Plumacho para a súa posterior destrución ou ben unha campaña permanente e periódica de recollida por parroquias adoptando as precaucións precisas para non dispersar accidentalmente as sementes a outras zonas libres de invasión.
- 4.- O Concello de Oleiros esixirá aos grandes promotores e constructoras de urbanizacións o tratamento permanente dos seus terreos e parcelas para evitar a presenza do Plumacho e non concederá licencias de obra neses espazos ate a presentación dos xustificantes de eliminación e tratamento posterior de eliminación do citado Plumacho.
- 5.- O Concello de Oleiros estudará de cara ao peche do orzamento do exercicio 2024 incluír todas aquelas bonificacións que poidan ter encaixe para axudar aos pequenos propietarios de terreos no Concello a asumir o custe da eliminación dunha especie invasora da que eles non son responsables.
- 6.- O Concello de Oleiros condicionará a concesión de licencias para novas urbanizacións e obras de infraestruturas, á obriga de establecer un protocolo para que ditas actuacións non se convirtan nun axente catalizador da expansión do Plumacho, esixindo un estudo previo e a implementación de medidas que impidan a aparición do Plumacho, por exemplo obrigando a plantar especies que eviten deixar os terreos baldíos dificultando a implantación da especie invasora. Tamén esixirá un aval específico que se devolverá cando a actuación esté finalizada e supervisada a boa execución por parte do Concello.”

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **oito (08) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”; cinco (05) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* tratar a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

7.5.- Moción do grupo municipal “Socialista” en relación a poñer en marcha un plan integral para a planificación e instalación progresiva de baños e aseos públicos de calidade

Expón a moción a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, dando lectura á moción presentada:





“EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A día de hoxe os novos usos e demandas sociais dos espazos públicos obrigan aos concellos a darlles resposta. Así, en concellos veciños multiplicouse a dotación de aseos públicos nos últimos anos ante a demanda cidadá. Todos precisamos ter un baño cerca para un caso de urxencia sin ter que entrar nun establecemento, que en moitos casos como parques e paseos nin siquiera hai esa opción.

Oleiros ten un retraso notable nesta cuestión en relación a outros concellos e é hora de abordar o problema, xa que non existe un parque de aseos públicos abertos todo ano, fixos, a pesar da gran cantidade de zonas verdes e de paseo existentes. E na maioría das zonas nin siquiera portátiles.

A obriga das administracións e dar resposta a este tipo de necesidades, priorizando gasto naquelas que todos precisamos e ao tratarse como neste caso dunha competencia propia non fai falla para solventala nada máis que conciencia do problema, empatía e vontade política para solucionalo.

Para dar resposta a esta demanda hai que analizar as posibilidades a curto e medio prazo tendo en conta as tipoloxías existentes, ordeadas de menor a maior custe, orde que comparte tamén de menor a maior o tempo preciso para instalar cada un destes tipos:

- Aseos portátiles.
- Aseos fixos.
- Aseos fixos automáticos.

Como a instalación de aseos e baños públicos de calidade, que son os fixos non se pode facer dun día para outro dado o elevado custe de instalación, sumado á necesidade de acometidas á rede eléctrica, de saneamento e de auga, nós propoñemos que se aborde un plan para que ao longo de 4 exercicios presupuestarios se vaian instalando nos puntos máis demandados primeiro aseos portátiles para ser substituídos logo de xeito definitivo por aseos fixos ou automáticos con equipamentos modernos e abordando a posta en marcha dun servizo integral de limpeza e mantemento dos mesmos.

Recente mente se fixo unha licitación para o 2023-2025 de aseos químicos dotada con 24.198,92€ anuais. É escasa, pouco ambiciosa e non da resposta as demandas cidadás e ademáis esquece a maioría das zonas de Oleiros. De novo estamos ante un trato diferente a un Oleiros de costa e a un Oleiros de exterior esquecido.

Nesta licitación de aseos químicos, portátiles, para a temporada invernal -de setembro a xuño- so contempla manter 7, deles 3 en Santa Cristina, 2 en Bastiagueiro, 1 en Sta. Cruz e 1 na Aula do Mar en Mera, e para todo o ano 1 na Pista de Skate e outro no Paseo Agramar. Estas son zonas de tránsito ao longo de todo o ano que deberían contar con aseos fixos, adaptados, pero este listado evidencia todas as parroquias e lugares que quedan sen eles.

No deseño destes novos equipamentos fixos se deberá priorizar o aforro de auga e de enerxía, e se valorará a instalación de enerxía fotovoltaica, a integración na contorna e a facilidade de conservación e mantemento.

Para elixir os lugares onde colocalos propoñemos abrir un proceso participativo para que os veciños e veciñas de Oleiros establezan cas súas aportacións os lugares prioritarios.

Por outra banda ao analizar a proposta de Orzamento para o 2024 atopámonos con que hai contemplados nada menos que 197.470,00 € para *Substitución do pavimento das sendas peonís do Parque das 13 Rosas*, que é de relativamente nova construción. Eses cartos son 8 veces máis dos que se van adicar para os aseos anualmente, e chegarían poner en marcha unha primeira fase deste plan, e sirven para recordarlle ao Goberno Municipal que as cousas hai que facelas e facelas ben, e non pode ser que tras escasos 3 anos haxa que renovar un pavimento público, gastar de novo casi 200.000 € que van sair do peto dos oleirenses e, por certo, alguén debería de asumir a responsabilidade política deste erro de planificación, execución ou mantemento.

A realidade pois é que Oleiros ten un déficit de servizos públicos e comunitarios gratuitos evidente. E este déficit queda especialmente patente nos espazos públicos ao aire libre.

Ponse moito interese en ampliar a rede de parques, xardíns e sendas peonís por todo o Concello, o cal está moi ben, pero se esquece dotalos de servizos públicos imprescindibles para dar servizo aos camiñantes que os percorren a diario.





CONCELLO DE OLEIROS

No Pleno pasado poidemos comprobar como o Sr. Alcalde minorizaba o problema cando denunciábamnos o déficit no número de aseos públicos que se colocaron por exemplo nas festas de este verán, e máis concretamente nas festas de Santa Cruz, afirmando con toda tranquilidade que iso non era ningún problema pois xa se facía por aí....

Descoñecemos a que se refería concretamente, e está claro que a sanidade pública mellora e o feito de ter as rúas, parques, xardíns e espazos públicos en xeral libres de deposicións e vertidos é algo primordial, básico e imprescindible e para iso se necesita contar con instalacións públicas suficientes e ben ubicadas.

Ademáis está tamén moi claro que A IGUALDADE E ALGO TRANSVERSAL QUE DEBE ESTAR EN TODO AQUELO QUE FACEMOS PENSAMOS E ATA SOÑAMOS E POR SUPOSTO EN TODO O QUE NOS RODEA, e na planificación e funcionamento dos baños e aseos públicos tamén. É así o reclaman feministas e urbanistas de moito prestixio.

Temos que ter moi en conta, como administración pública prestadora de servizos, que dado que unha muller menstrúa uns 3500 días o longo da súa vida, as necesidades de manexo da hixiene menstrual teñen que estar moi presentes nos aseos públicos e non o están, de feito os aseos de callidade no exterior de edificios a día de hoxe nin están, nin vistos os orzamentos, se esperan.

Pois ben hoxe dende o Grupo Municipal Socialista plantexamos esta MOCIÓN na que solicitamos a adopción dos seguintes ACORDOS:

- Que se poña en marcha un Plan integral para a planificación e instalación progresiva de baños e aseos públicos fixos no Concello de Oleiros que abrangue o período 2023-2027. Dito Plan incluírá instalación e mantemento posterior dos espazos.
- Que se abra un proceso para elixir os lugares onde colocalos, que de xeito participativo sexan os veciños e veciñas de Oleiros quenes establezan cas súas aportacións os lugares prioritarios de ubicación.
- Que se faga pública a través da web municipal ou dunha app a ubicación dos baños e aseos públicos en cada lugar para que os usuarios podan coñecer en todo momento a distancia que os separa a estes equipamentos.
- Que se incremente en todo caso o número de baños públicos e comunitarios en todo o Concello da maneira máis homoxenea posible, prestando especial atención aos percorridos das sendas peonís existentes en Oleiros, así como aos parques e xardíns.
- Adaptaranse todos os baños públicos e comunitarios do noso Concello as necesidades propias da hixiene feminina, tanto nos do exterior como nos do interior dos edificios municipais. Ditas necesidades a cubrir son:
 - En todos débese contar con papel hixiénico, auga e xabón, dentro dos cubículos para o manexo seguro e comodo da menstruación, lavado de mans ou limpeza de produtos de hixiene menstrual reutilizables.
 - Débese así mesmo facilitar neles o acceso a produtos para a hixiene menstrual asequibles e en lugar visible.
 - Contarán con opcións seguras e apropiadas para a eliminación dos produtos para a hixiene menstrual desechables dentro do baño para mulleres, como por exemplo papeleras lavables con tapa.
 - Ademáis de ter perchas ou estantes para deixar roupa ou pertenzas alonxadas do chan.”

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado de **oito (08) votos a favor** (dous (02) do grupo municipal “Socialista”; cinco (05) do grupo municipal “Popular” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **trece (13) votos en contra** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda *rexear* tratar a moción presentada polo grupo municipal “Socialista”.

7.6.- Moción do grupo municipal “Mixto”-BNG relativa á reivindicación do día 25 de novembro e á necesidade de impulsar compromisos económicos e orzamentarios para garantir a atención á violencia machista





CONCELLO DE
OLEIROS

Expón a moción o voceiro do grupo “Mixto”-BNG, D. **Iván Roca**, dando lectura á moción que se transcribe no acordo acadado.

Votación da urxencia

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da declaración de urxencia, acadándose o resultado da unanimidade dos membros da Corporación, é dicir, **vinte e un (21) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; cinco (05) do grupo municipal “Popular”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do BNG).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación acorda declarar a urxencia e proceder a tratar a moción presentada polo grupo municipal “Mixto”-BNG.

Intervén a voceira do grupo “Popular”, D^a **M^a Dolores Silva**, manifestando que quere aclarar que votarán positivamente ás urxencias porque non teñen nada que ver logo co fondo de cada moción que se presente e sí coa hixiene democrática.

De tódolos xeitos, semella un pouco contradictorio que se acuse á dereita dun tema tan delicado como a violencia de xénero unha organización política que apoiou a lei do sí é sí do goberno central. Dito isto, a postura do seu grupo vaina defender a súa compañeira, Vanessa Domínguez.

Intervén a concelleira do grupo “Popular”, D^a **Vanessa Domínguez**, sinalando que o único número aceptable no eido da violencia de xénero é cero; traballan para sensibilizar á mocidade e para previr as violencias sexuais en tódalas súas manifestacións, no que vai de ano tiveron que lamentar en Galicia a morte de dúas mulleres na provincia de Pontevedra a causa desta lacra, algo que como sociedade non se pode asumir.

Galicia pechou o primeiro trimestre deste ano cun aumento do 3% de denuncias por violencia de xénero, senón que todas as medidas propostas na moción, alomenos no que atinxe ó goberno galego, xa se están a levar a cabo ou se están a elaborar, como é o caso do protocolo específico aprobado no Parlamento Galego, como ben saben. É preciso redobrar aínda máis os esforzos fronte á violencia de xénero para previla, estándose a reforzar a prevención e sensibilización, sobre todo, na poboación moza. No presente ano 2023 reforzáronse e ampliáronse os recursos para as vítimas cun orzamento que medrou un 14%.

O goberno galego destinou neste 2023 á Area de Igualdade 44,5 millóns de euros, un 41% máis que no 2022 e as vítimas en Galicia contan con tódolos apoios e medidas de protección, a Xunta de Galicia traballa para que dispoñan de asistencia xurídica, acompañamento psicolóxico e social, acollemento e apoios económicos.

A secretaría xeral de igualdade contará no 2024 cuns orzamentos expansivos para a igualdade e a loita contra a violencia de xénero con 53,9 millóns de euros orzamentados, un 13,65% máis, tamén se favorecerá a extensión da rede de Centros de Información á Muller, coñecidos como CIM, onde se reforzará a atención ás mulleres especialmente vulnerables e ás persoas LGTBIQ+.

As actuacións máis salientables para o ano 2024 son as seguintes, prestacións económicas para as vítimas de violencia de xénero por 5,98 millóns de euros, increméntanse as axudas para o fomento da contratación por parte dos concellos e entidades locais a mulleres vítimas con 2,5 millóns de euros. Os CIM son centros municipais que





CONCELLO DE
OLEIROS

desde a Xunta de Galicia estábanse a impulsar e apoiar, cun investimento en axudas para que os concellos financien o seu persoal; o goberno galego pon en valor os CIM como un recurso esencial e integral na atención próxima ás mulleres. A Xunta de Galicia, xunto coa FEGAMP, está a abordar a mellora desta rede, sendo fundamental a colaboración entre administracións, neste caso na autonómica e local para traballar a prol da igualdade e a loita contra a violencia de xénero.

No que atinxe ó ocio nocturno, a Xunta de Galicia ultima o contido do protocolo de actuación contra agresións á muller, tras decidir amplialo tamén a persoas LGTBIQ+, garantindo unha atención prioritaria á vítima. Unha vez que o contido do protocolo estea rematado presentárase ante o observatorio galego da violencia de xénero e no observatorio LGTBIQ+. Esta iniciativa, permitirá ós establecementos de lecer nocturno contar cunhas pautas preventivas e de actuación, facilitando unha resposta rápida, axeitada, eficaz e eficiente e para rematar, querease potenciar a cultura de tolerancia cero ante calquera agresión discriminatoria nos espazos de lecer nocturno.

Intervén a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, anunciando o apoio do seu grupo á moción presentada, aínda que lles gustaría incluír unha serie de puntos nos acordos da moción e consistentes en:

- Poner en marcha o CIM de xeito inmediato no Concello de Oleiros.
- Dotar de axentes de Policía Local para o funcionamento con garantías do “Programa VioGén” para o futuro.
- Poner en marcha durante este curso onde se xunta a mocidade oleirense, na Casa da Mocidade ou lugares públicos, como bibliotecas ou casas do pobo, dun programa de formación axeitado sobre pornografía e de cómo detectar nas redes sociais os perigos de carácter sexual.

En todo caso, aínda que non se engandan estes puntos, apoiarán a moción presentada polo BNG,

Anuncia o alcalde, D. **Ángel García**, tamén o voto favorable do goberno municipal de “Alternativa dos Veciños”.

Remata a quenda de intervencións o voceiro do grupo municipal “Mixto”-BNG, D. **Ivan Roca**, salientando que non ten problema ningún en engadir os puntos sinalados pola voceira do grupo “Socialista”.

Votación da moción

Da orde do alcalde pásase de seguido á votación da moción, acadándose o resultado de **dezaséis (16) votos a favor** (trece (13) do grupo municipal de “Alternativa dos Veciños”; dous (02) do grupo municipal “Socialista” e un (01) do grupo municipal “Mixto”-BNG) e **cinco (05) votos en contra** (cinco (05) do grupo municipal “Popular”).

En consecuencia e pola maioría indicada, o Pleno da Corporación aproba a moción presentada polo grupo municipal “Socialista” que se transcribe:

“Exposición de motivos:

Ante o negacionismo e a banalización da violencia machista, é urxente un compromiso político e orzamentario firme por parte de todas as institucións. Máis aínda nun contexto no que vimos de ver como no que vai de 2022 aumentaron os feminicidios tanto en Galiza como no conxunto do Estado. Esta situación, que se dá ademais nun contexto sociopolítico de avance dos discursos machistas, debe facer saltar todas as alertas nas administracións públicas e levar á revisión dos mecanismos previstos para mellorar a prevención e a intervención, así como para concienciar á sociedade das consecuencias do patriarcado e da falsidade dos discursos que cuestionan a súa existencia.





O pasado 13 de outubro o Observatorio de Violencia do Consello Xeral do Poder Xudicial facía públicos os datos máis recentes respecto da violencia contra a muller na estatística xudicial, que nos permiten ver unha parte da súa enorme dimensión ao térense rexistrado no primeiro semestre de 2023 un total de 1707 denuncias. Pola súa banda, na Memoria 2023 (Exercicio 2022) da Fiscalía de Galiza recóllense máis de 5.000 delitos incoados como violencia de xénero e máis de 1.600 contra a liberdade e a indemnidade sexual.

Por outra banda, un dos ámbitos que máis preocupa ás persoas expertas é o do lecer o ocio nocturno e o coñecemento de violacións e agresións sexuais en grupo e por parte de agresores mozos. Lamentablemente, no verán de 2023 coñecemos agresións sexuais múltiples a través dos medios de comunicación que nos recordan a necesidade de avanzar, como é o caso da violación de dous agresores no Porriño a unha moza no contexto dunhas festas ou a agresión sexual tamén cometida por dous mozos a unha moza nas festas de Monforte en agosto e recentemente vimos de coñecer polos medios de comunicación outra agresión sexual múltiple en Sarria. Aínda que o Parlamento galego acordou, a proposta do BNG, impulsar un Protocolo específico para este ámbito en febreiro de 2023, e a Xunta afirmou que estaría listo antes do verán, continúa sen estar activado.

A violencia machista debe ser unha prioridade política, social e institucional de primeira orde e fronte a efemérides rituais e baleiras de contido, temos unha responsabilidade colectiva á hora de fixar novos compromisos como adecuar as axudas á escalada de prezos e comprometer máis recursos, así como esixir o cumprimento daquelas cuestións que aínda están sen desenvolver da Lei galega contra a violencia machista, como é a atención psicolóxica na atención primaria.

ACORDO:

Por todo o exposto, o **Grupo Municipal do Bloque Nacionalista Galego** somete a debate e aprobación polo Pleno esta moción, propondo a adopción do seguinte ACORDO:

- 1.- Expresar o seu rexeitamento ante o avance dos discursos negacionistas e banalizadores da violencia machista, e a súa preocupación ante os retrocesos en dereitos que está a impulsar a dereita en diversas institucións no conxunto do Estado malia o aumento dos feminicidios que estamos a vivir durante o 2022, así como o seu apoio ás demandas do feminismo galego e ás convocatorias impulsadas ao abeiro do 25 de novembro de 2023.
- 2.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os recursos económicos destinados especificamente a loitar contra a violencia de xénero do proxecto de orzamentos de 2024 de forma que se sitúen como mínimo, no 1% do total e así dotar de suficientes recursos para que se rectifique a liña de incumprimento da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero en aspectos como a atención psicolóxica na atención primaria (artigo 25) e se avance en medidas concretas como elevar as contías da prestación periódica (artigo 39) para actualizalas conforme ao incremento do IPC.
- 3.- Instar á Xunta de Galiza a incrementar os esforzos na prevención e na loita contra a violencia sexual, acelerando os traballos encamiñados ao cumprimento dos acordos parlamentarios en materia de aprobación e aplicación dun protocolo de prevención e intervención fronte agresións sexuais no marco do ocio nocturno e impulsando no curso 2023/2024 unha campaña específica sobre a violencia sexual e os recursos no ámbito do ensino secundario e universitario para espallar o seu coñecemento entre a poboación máis nova.
- 4.- Demandar da Xunta de Galiza a aprobación dun programa de ampliación e extensión dos CIM a través das seguintes medidas:
 - 4.1 O incremento da achega económica do programa de axudas e subvencións de apoio aos CIM co obxectivo de reforzar e ampliar a rede galega de CIM facendo especial énfase na creación destes centros naqueles concellos e comarcas nos que actualmente non existen ou están sobrecargados.
 - 4.2 A contía económica máxima que a Xunta de Galiza alcanzará para o financiamento dos CIM a través da liña de axudas anual terá en conta a fixación de ratio mínimas de persoal que deberán establecerse en función do número de mulleres potencialmente usuarias do servizo así como a contratación a xornada completa, como mínimo, de todo o persoal que sexa obrigatorio para a acreditación do CIM. Así mesmo, o Programa de apoio aos CIM procurará que o orzamento garanta non só o pagamento dos custes de persoal e de mantemento senón tamén o desenvolvemento de actividades e programas de prevención da violencia machista e a promoción da igualdade.
 - 4.3 Impulso das actuacións necesarias para que a normativa que regula os CIM amplíe o persoal mínimo para a acreditación dos centros para incorporar novos perfís profesionais, nomeadamente, persoal técnico en igualdade e persoal administrativo.





CONCELLO DE
OLEIROS

5.- Ademais, apoiaremos que en todas as actividades municipais que se desenvolvan sigan a difundirse de forma transversal, independentemente da parcela da que dependan: servizos sociais, cultura, ensino, deportes....valores como a igualdade de xénero, a non violencia, a comunicación e o diálogo, o respecto pola diferenza, a inclusión, o benestar emocional e afectivo como un dereito. Todos eles valores que nos permiten non só loitar pola igualdade e contra a violencia de xénero senón por unha sociedade mais xusta, solidaria, respectuosa e igualitaria, onde o xénero non sexa un elemento de discriminación e ningún ámbito.

6.- Poñer en marcha o CIM de xeito inmediato no Concello de Oleiros.

7.- Dotar de axentes de Policía Local para o funcionamento con garantías do “Programa VioGén” para o futuro.

8.- Poñer en marcha durante este curso onde se xunta a mocidade oleirense, na Casa da Mocidade ou lugares públicos, como bibliotecas ou casas do pobo, dun programa de formación axeitado sobre pornografía e de cómo detectar nas redes sociais os perigos de carácter sexual.”

Polo alcalde, D. **Ángel García**, sinálase que en canto á quenda de rogos e preguntas, como foron presentadas por escrito polos grupos políticos municipais, contestarase a través do mesmo medio, é dicir, por escrito, como prevé o regulamento municipal.

Tanto o concelleiro do grupo “Popular”, D. **Antonio J. Corredoira**, coma a voceira do grupo “Socialista”, D^a **M^a Carmen Acuña**, solicitan que conste en acta a protesta dos seus grupos, salientando o primeiro que isto non é o previsto, ten que contestalos no pleno e a última que se lles estaba a retirar unha oportunidade de debate e o regulamento non o contempla así.

Sen máis asuntos que tratar o alcalde dá por rematada a sesión ás 22.42 h., para deixar constancia dos acordos tomados e do acontecido estendo esta acta en cincuenta e unha (51) páxinas e que eu, como secretaria, certifico. Dou fe; Oleiros, asinado dixitalmente na data que figura na propia sinatura da secretaria accidental e co visto e prace do alcalde.

